www.codigocero.com

Nº 145

Código cero

Revista de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia

En marcha Lingua.gal

Recursos en liña para vivir en galego

Alianza arredor das TIC

XX Noite Galega das Telecomunicacións

PROXECTO eHeart

Tecnoloxía simple e eficaz contra as doenzas cardíacas

PLATAFORMA FENIX

SIVSA revoluciona a xestión de clínicas

www.depo.es

A páxina de inicio de tódolos cidadáns da provincia de Pontevedra

Deputación Pontevedra

Equipo

DIRECTOR:
Xosé Mª Fernández Pazos
director@codigocero.com

WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

SOCIO FUNDADOR:
Carlos Ballesteros
c.ballesteros@codigocero.com

REDACTOR XEFE:
Fernando Sarasqueta
redaccion@codigocero.com

FOTOGRAFÍA:
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA:
María Xesús Vázquez

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Óscar Louzán
publicidade@codigocero.com

PUBLICIDADE:
Carlos Ballesteros Dios
xestion-publicidade@codigocero.com

EDITA:
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.-fax: 981 530 268
www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

IMPRIME:
Gráficas Garabal, S.L.
Tel.: 981 56 25 95
graficasgarabal@graficasgarabal.es

Número 145
(agosto - setembro 2015)
Publicación periódica.

Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579 -7554



cando leas a revista, compártea....
.... cun amigo, un familiar, ou
dóaa á biblioteca do teu barrio.
Cantos máis sexamos, máis cambios
conseguiremos

Sumario 145

» novas

5 Resumo de actualidade TIC con especial fincapé nas cousas que acontecen na nosa terra e dende a nosa terra

» reportaxes

9 Proxecto eHeart, tecnoloxía galega contra as doenzas cardiovasculares

10 O CITIC amosa os seus últimos achados perante entidades de Bruxelas

11 A empresa SIVSA lanza unha innovadora ferramenta de xestión para clínicas, Fenix

12 A Deputación de Ourense achega un proxecto de innovación vitivinícola, Enourense

14 A Toxa acolleu a edición número 20 da Noite Galega dos Enxeñeiros en Telecomunicación

16 Telefonica impulsa con 50 novas firmas a segunda andaina de Galicia Open Future

17 AMTEGA dá a coñecer datos recentes sobre a presenza de banda larga nos fogares

18 En marcha o portal para traballarmos e vivirmos en galego, Lingua.gal

20 Entrevistamos ao secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García

23 A AMTEGA e a AETG dan continuidade ao servizo de asistencia profesional no ámbito local

24 A cultura e a comunicación en liña, eixes dunha xornada celebrada no CCG

25 Roberto Zompi (Magneti Marelli) e Victor Tuson (Canonical) participarán en LibreCon

26 Escolma de recursos galegos de software libre

28 A innovación galega segue a dar mostras claras vitalidade: achegamos un feixe de exemplos

» gadgets

31 Debullamos con todo luxo de detalles os trebellos tecnolóxicos da tempada

» xogos

33 Repasamos o máis salientábel dos días pasados en materia de xogos e consolas



Neste número....

Celebrouse a Noite Galega dos Enxeñeiros en Telecomunicación e unha vez máis pechamos o capítulo do verán para afrontar, con azos e ilusión, o comezo dunha nova tempada de proxectos TIC galegos. Porque, en boa medida, disto trata a Noite que se celebra anualmente na Toxa da man do AETG-COETG: de recordarnos que cada ano temos unha colleita de innovación inmellorábel e de que a campaña que se aveciña pode ser (moi probablemente) aínda mellor. Por certo que da festa dos enxeñeiros de Telecomunicación e dos seus recoñecementos falamos polo miúdo nas páxinas centrais, detallando a quen foi dar cada un dos premios convocados. E xa que comezamos con símiles vitivinícolas, lembrar tamén que pola banda de Ourense estase a desenvolver, da man da Deputación, un proxecto de innovación chamado Enourense que busca tirar o máximo partido das TIC para impulsar o noso viño e optimizar os procesos de produción. Deste desenvolvemento tamén falamos nas páxinas interiores e sérvenos de exemplo para unha cousa que se dixo tamén na Noite e que cómpre visualizar en todo intre: non hai nada na nosa contorna que non se poida mellorar coas novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Esta é a mensaxe, igualmente, deste número 145 de Código Cero, un número que, como a Noite, achégasenos para facer unha sorte de vendima TIC e brindar non só polo pasado recente senón tamén, e sobre todo, polo futuro inmediato do noso sector tecnolóxico-dixital, un sector galego chamado sen dúbida a grandes logros. ■

Humor tecnolóxico de Henrique Neira

Síguenos en:

facebook.com/codigocero | @codigocero | boletín diario de novas | google + | google currents

DEZ ANOS ATRÁS...

Aquel número 37 de Código Cero xirou en torno á edición do congreso GaliciaTic, que se celebraría en Santiago. Unha xuntanza tecnolóxica que reuniu baixo un mesmo teito a gran parte das persoas que, en Galicia, podían dicir algo sobre as novas tecnoloxías e a Sociedade da Información.

Nas páxinas interiores daquela edición incluímos o programa detallado polo miúdo e unha entrevista ó director do Congreso, Miguel Merino, que nos recordou algo que, dalgunha maneira, tiñamos esquecido: os eventos como GaliciaTic eran e son necesarios para a propia tecnoloxía e, en última instancia, para Galicia e os seus habitantes.

Naquel número pudemos atopar artigos sobre ciencia, sobre as novas formas de licenza de dereitos de autor que xorden co espallamento da Sociedade da Información (Creative Commons) e sobre un fenómeno que, dende unha revista de novas tecnoloxías, resultaba difícil deixar de lado: a blogosfeira. Pero iso si abordada dende un punto de vista moi suxerinte. E para que non se aburrise ninguén, incluímos dúas páxinas da sección "Que fixen eu para linquear isto?, unha das que máis gustaba entre os lectores, e non é de estrañar, xa que a practicamente a tódolos seres humanos por igual nos agrada máis (cómpre recoñecelo dunha vez!) escoitar falar mal de algo que falar ben. Así eran e son 10 anos despois as cousas.

Vémonos no próximo numero da nosa revista "Código Cero" e a diario nos nosos portais "codigocero.com" e "codigocero.gal" e nas redes sociais. ■

A **quinta Xornada de Informática Xudicial** celébrase en **Santiago o 21 de outubro**

Se hai un referente galego e estatal en materia de puntos de encontro arredor da interrelación entre novas tecnoloxías e Xustiza, ese referente son as Xornadas sobre Informática Xudicial que organiza dende hai xa uns cantos anos o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, o CPETIG. A vindeira edición deste evento celebrarase o vindeiro 21 de outubro en Santiago, baixo o seguinte lema: *A cibervixilancia no século XXI: ciberdelitos, vixilancia on line e eXustiza*. Segundo informa o CPETIG, o obxectivo desta actividade divulgativa é "concienciar aos xuristas dos avances en materia probatoria nos casos que intervén a informática". Unha vez máis, e xa van cinco, contarase cunha nutrida representación de especialistas neste punto, ben amplo, onde se xuntan e mesturan Xustiza, investigación policial e novas ferramentas dixitais.

A quinta Xornada sobre Informática Xudicial, Peritaxe Técnica e Proba Electrónica celebrarase na Cidade da Cultura de Galicia (Santiago) e contará coa colaboración da Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA.

Outro dos obxectivos do CPETIG con esta actividade, amais do devandito, é dotar de meirande seguridade xurídica á nova realidade tecnolóxica, "ao tempo que se incrementa a efectividade e a eficacia da Administración xudicial co uso das novas tecnoloxías".

Segundo informa o colexio que preside Marcos Mata a conto dos porqués destas xornadas, "o desenvolvemento dos dispositivos electrónicos móbiles, as redes de comunicación e outras ferramentas informáticas abriron un amplo abano de posibilidades para as relacións sociais e comerciais pero tamén un novo cúmulo de riscos, moitas veces descoñecidos dos que os usuarios non foron advertidos ou protexidos axeitadamente". En palabras do CPETIG, estamos a ser testemuñas, tamén, dun importante e salientábel proceso de adaptación: o da propia Lei en si mesma, organizadora das relacións sociais, cara á nova realidade xerada polos elementos da contorna dixital.

O evento vai dirixido a xuíces, maxistrados, secretarios xudiciais, fiscais, avogados e xuristas en xeral, que terán a oportunidade de coñecer a opinión dos expertos nesta materia máis importantes dos ámbitos galego e estatal, a través dos distintos relatorios organizados polo CPETIG, baixo a dirección técnica do especialista Víctor Salgado –avogado socio do bufete Pintos & Salgado- e a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). ■

Netflix dispoñíbel a través **de Vodafone TV**

Vodafone anunciou un acordo a través do que se inclúe dentro da súa plataforma de televisión en España o servizo de vídeo baixo demanda Netflix, de xeito que os usuarios de Vodafone TV terán en outubro acceso á aplicación de Netflix dende o seu receptor de televisión habitual.

A oferta de Netflix botará a andar en España con series orixinais en exclusiva como *Narcos, Daredevil, Sense8, Bloodline, Grance and Frankie, Unbreakable Kimmy Schmidt e Marco Polo* (outras series producidas por Netflix en curso non poderán ofrecerse por ter sido licenciadas a outras compañías hai meses), documentais como *Chef's Table* e diferentes especiais de comedia. O público novo atopará tamén unha boa selección de programación infantil.

Entre a selección de longametraxes, Netflix contará con primicias como *Beasts of No Nation, Crouching Tiger, Hidden Dragon, The Green Legend, Jadot ville e The Ridiculous 6*. As producións achegaranse con varias pistas sonoras e subtítulos.

Aparte de estar dispoñíbel nos descodificadores de Vodafone TV, Netflix tamén estará accesíbel a través das súas aplicacións oficiais para dispositivos intelixentes, tabletas, consolas de videoxogos, televisores conectados e outros trebellos. ■

As **Deputacións de Pontevedra** e **Sevilla** sentan alicerces para **colaborar en materia de eAdministración**

A Deputación de Pontevedra está a afianzar ligazóns coa Deputación de Sevilla para, segundo fixeron saber, colaborar a prol de integrar na entidade galega as boas prácticas desenvolvidas na capital andaluza en materia de Administración Electrónica. Segundo informou a presidenta do organismo provincial pontevedrés, Carmela Silva, tras unha xuntanza co responsábel da entidade sevillana, Fernando Rodríguez Villalobos, "a Deputación de Sevilla é un modelo de xestión de como unha institución provincial, durante moito tempo, vén desenvolvendo a súa función con boas prácticas".

Silva salientou tres aspectos fundamentais como "os máis interesantes" da súa visita á institución andaluza (celebrada a mediados de setembro). En primeiro lugar trátase da política de anticipos de tesourería e liquidez aos concellos da provincia sevillana, "que é un bo instrumento de xestión para os concellos andaluces", sinalou Silva. En segundo lugar figura a oficina técnica de asesoramento aos concellos coa que conta o devandito organismo andaluz, que ofrece servizos de asistencia xurídica, sobre urbanismo ou de contratación. En último lugar, e non menos importante, a presidenta do organismo provincial salientou o servizo de Administración Electrónica da Deputación de Sevilla, un desenvolvemento de seu que tamén se está a integrar nos concellos dos seus ámbito de acción e que, segundo puidemos saber recentemente, xa abrangue coa súa presenza máis de 60 administracións locais (cada unha coa súa sede electrónica) e posibilitou pasar en número de documentos asinados electronicamente dos 50.000 do ano 2012 aos 226.000 en 2014 (a través das plataformas de seu port@firma , decret@ e convoc@. ■

A **Cidade da Cultura** acollerá un ambicioso encontro de firmas tecnolóxicas galego-lusas: **a Feira ACEint**

Este dous de outubro vaise celebrar en Santiago unha actividade de gran interese para os nosos empresarios e emprendedores de Galicia e Norte de Portugal. Trátase da Feira ACEint, unha xuntanza que vai incluír encontros bilaterais entre os responsábeis de iniciativas tecnolóxicas e innovadoras de ámbalas beiras da raia galego-lusa (do sector TIC, pero tamén da biotecnoloxía, do téxtil e do motor) co obxectivo de avaliar e promover novos vieiros de colaboración.
A feira, como se indica no seu nome, insírese ao abeiro do proxecto ACEint. Este vén da do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e nel tamén traballan a Universidade de Santiago e a axencia portuguesa BICMinho, contando con financiamento de fondos europeos FEDER ao abeiro do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal.

O seu obxectivo é favorecer a posta en marcha e medre de firmas TIC galego-portuguesas e facer o posíbel para estas sirvan de catalizadoras da competitividade en ámbalas beiras do Miño. ACEint, nun plano concreto, xa serviu para lanzar un sistema de alertas sobre oportunidades de negocio internacionais para as empresas do sector e, tamén, para habilitar unha Lonxa de Financiamento.

Volvendo á feira do dous de outubro, sinalar que terá lugar de 11 a 17.00 horas no Auditorio da Biblioteca da Cidade da Cultura. A asistencia será de balde, previa inscrición. Segundo informa a organización, o evento é especialmente acaido para as empresas do sector tecnolóxico, galegas e portuguesas, que queiran darase a coñecer noutros sectores. Máis en detalle, é un encontro de gran potencial para iniciativas con vontade de colaborar e, segundo engaden dende o IGAPE, "de coñecer, de explorar, de imaxinar e de arriscar". ■

Galiciencia comeza a súa décima andaina

A Tecnópole (Parque Tecnolóxico de Galicia) comunica que abriu o prazo para a recepción de proxectos destinados a concorrer en Galiciencia 2015, prazo que ficará operativo até o vindeiro 25 de outubro. A edición deste ano da feira científica da Tecnópole, unha das máis importantes citas do Estado en materia de mocidade investigadora (as científicas e científicos do día de mañá), acubillará tralo proceso de selección un total de 80 proxectos. Lembrar que Galiciencia celebra en 2015 o seu décimo aniversario.

Segundo informa a organización, aos 50 traballos que decote concorren na feira-concurso na procura do primeiro premio (da man de estudantes de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional) engádense fóra de certame 30 proxectos máis de alumnado de Primaria e Educación Especial, "consolidando así a exitosa experiencia piloto da anterior edición", explica a Tecnópole.

O evento desenvolverase entre o 18 e o 20 de novembro nas instalacións do Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas. "A súa celebración", explica fontes do complexo empresarial, "é posíbel un ano máis grazas ao apoio da Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación". As bases están xa dispoñíbeis en galiciencia.com, coa posibilidade de que calquera centro escolar envíe as súas propostas. Os 50 proxectos participantes na competición estarán expostos durante os tres días da feira, mentres que os de Primaria e Educación Especial poderán verse en quendas de 10 propostas diferentes cada día. ■

Os bos e malos usos das TIC, ao detalle na xira *Rapaciños* que comeza en outubro

Amosar o que podemos pór en práctica para facer un uso axeitado das redes é o gran obxectivo das actividades que prepara o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) para comezos do mes de outubro e de alí en adiante. Trátase das xornadas Rapaciñ@s *As tecnoloxías ben seguras*, uns encontros con nenas e nenos de idades comprendidas entre os 8 e 14 anos co obxectivo de sensibilizalos e formalos acerca dos ricos dun mal emprego de Internet, das redes sociais e dos dispositivos, e tamén (por suposto) expoñer en detalle os moitos beneficios que poden tirar dun uso axeitado destes recursos. A xira comeza o 3 de outubro no Auditorio da Cidade da Cultura de Galicia e na súa contorna. Organizan o CPEIG e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

O programa de actividades abrangue unha serie de charlas informativas que percorrerá Galicia da man das colexiadas e colexiados do CPEIG e que dará comezo coa devandita xornada programada na Cidade da Cultura e contorna. Segundo informa a organización, "familias e docentes atoparán información e recursos de interese, namentres as nenas e nenos adquiren hábitos seguros para navegar na Rede e desenvolven a súa creatividade tecnolóxica a través de obradoiros pensados para que se divirtan e aprendan".

Na xornada do día 3 de outubro, que comezará ás 17.00 horas, o profesor de Sistemas de Información en IE Business School, Enrique Dans, abordará os riscos na rede coa charla *Nenos, Rede e futuro: o perigo está en non estar.* A continuación, a psicóloga Rocío Ramos-Paul, autora do *Manual de Supernanny*, exporá as cuestións relativas á *Educar na era Dixital*.

En paralelo celebraranse obradoiros para nenos de entre 8 e 14 anos sobre navegación segura, realidade aumentada, protección de datos, etc... actividades todas elas que "combinarán aspectos lúdicos e didácticos", informan os organizadores, que engaden que para algunhas destas as/os participantes poderán precisar dun dispositivo intelixente ou dunha tableta. ■

fenix by sivsa

El software de gestión clínica en la nube

Historial Clínico en la nube

Primer mes GRATIS y sin compromiso

Módulos incluidos

- Citas y Agendas
- Historial Clínico
- Informes
- Receta Privada
- Facturación
- Tareas y Avisos

Módulos adicionales

- Migración de Datos Clínicos
- Compras y Almacén
- Integración con Aseguradoras
- Mensajes
- Soporte Personalizado

Toda la información en:

www.getfenix.net

sivsa



Proxecto eHeart

Tecnoloxía galega eficaz contra as doenzas cardiovasculares

O pasado 26 agosto a Tecnópole acolleu, como lembraremos, a presentación do proxecto eHeart, unha iniciativa galega destinada a reducir a incidencia das doenzas cardiovasculares a través de tecnoloxías propias que permiten, entre outras cousas, detectar de maneira temperá e en tempo real a fibrilación auricular (o tipo de arritmia máis frecuente no corazón, causa de posíbeis riscos de ataque cerebral, infartos ou fallos cardíacos). A presentación levouse a cabo na sede Conexiona Telecom, a empresa líder do proxecto, durante unha visita ás súas instalacións do conselleiro de Economía Francisco Conde. Na cita lembrouse "o gran potencial no eido médico" que ten este desenvolvemento así como o feito de que sexa froito dunha estreita colaboración entre a dita firma e as empresas Optare, Quobis, Hacce e Tecsoftcom. Ademais, contouse co apoio tecnolóxico de Gradiant e o respaldo científico da Fundación do Complexo Hospitalario da Coruña. Segundo recorda Gradiant dende a súa web, a iniciativa baseouse na creación dunha ferramenta sobre un dispositivo non *invasivo* de medición da actividade cardíaca.

Ou sexa, que se trata dunha tecnoloxía que non altera os hábitos nin a rutina diaria do doente e que, ademais, posibilita o seguimento constante da actividade do seu corazón por parte dos especialistas a través dunha plataforma que emprega o estándar WebRTC. "A novidade de eHeart respecto doutros sistemas como os Holter ou os trebellos implantados", sinala o centro tecnolóxico emprazado en Vigo, "é o uso de dispositivos miniaturizados, sen fíos e pouco intrusivos". De feito, engaden fontes de Gradiant, eHeart é moi doado de usar, simple e cómodo para o paciente, "á vez que potente, rápido e versátil para o especialista".

O proxecto ten a súa raizame na premisa básica do concepto da eSaúde: incrementar a nosa calidade de vida a través do uso de novas tecnoloxías intelixentes e avanzadas. Se ademais temos en conta que as doenzas cardiovasculares son a día de hoxe a primeira causa de morte no ámbito estatal, entón a conveniencia dunha tecnoloxía como eHeart é aínda meirande e máis ampla. Gradiant, ao fío disto, lembra que en 2006 este tipo de enfermidades ocasionaron case un terzo (32,5%) de todas as mortes do Estado, ao que engade que un de cada seis accidentes cerebrovasculares adoitan darse en doentes con fibrilación auricular, que é, por outra banda, a primeira causa de ictus. Por certo que este tipo fibrilación diagnostícase a través do electrocardiograma, porén é moi frecuente que malia o uso desta tecnoloxía, pase desapercibida para os facultativos, detectándose só durante o diagnóstico dunha persoa que xa sufriu un episodio de ataque cerebral ou déficit neuroloxico. Así, sinala Gradiant, unha vez máis a detección precoz é vital cando o risco é tan elevado.

Grazas ao emprego de dispositivos móbiles e "á súa capacidade de procesado", eHeart fai posíbel detectar patróns de fibrilación en tempo real, acelerando o proceso de diagnóstico e, sobre todo, permitindo salvar vidas, actuando axiña ante os primeiros sinais de alarma. A tecnoloxía desenvolvida en eHeart, explicaron os responsábeis do seu desenvolvemento, fará que o paciente sexa controlado e seguido de forma continua e de maneira cómoda, "evitando as molestias dos dispositivos Holter, e sobre todo, esquivando os riscos dos dispositivos implantábeis no corpo do paciente, moito máis caros". Ademais, posibilita seguir outro tipo de información salientábel, que é a actividade física e a frecuencia respiratoria. Segundo explican dende Gradiant, a tecnoloxía prepara o escenario axeitado para que usuario e médico manteñan sesións de teleconsulta aumentada, sen necesidade de trebellos extra "ou configuracións avanzadas e complexas" e mellorando de maneira significativa o manexo dos datos confidenciais e privados do paciente. Recordar tamén que eHeart recibiu financiamento do programa Conecta PEME II, xestionado pola Axencia Galega de Innovación, pertencente á Consellería de Economía e Industria, Xunta de Galicia. ■

▲ Luis Pérez, Manuel Varela, Francisco Conde, Carlos Sande e Lorena González na presentación de eHeart nunha imaxe de La Región

HORIZON 2020

Tecnoloxía galega para Europa

O CITIC, PRESENTE NO HEALTH OPEN INFODAY DE BRUXELAS

En liña coa estratexia de promoción da participación no programa europeo Horizon H2020 que establece o Plan Estratéxico 2020 do CITIC, unha delegación do centro tecnolóxico galego acudiu aos eventos Health Partnering Day e Open InfoDay que se celebraron en Bruxelas os pasados 17 e 18 de setembro. Coa participación directa nestas citas, o Centro de Investigacións TIC da Coruña sentou as bases para consolidar a súa concorrencia nos distintos proxectos de innovación no ámbito da eSaúde previstos pola Comisión Europea para o vindeiro período de traballo 2016-2017.

Como é sabido, o CITIC conta cun grupo de investigadores con ampla experiencia e prestixio no ámbito das novas tecnoloxías aplicadas á medicina e á atención de pacientes e dependentes, temática protagonista dos encontros de Bruxelas. A primeira das xornadas estivo destinada á celebración de reunións bilaterais nas que entidades públicas e privadas de distintos ámbitos vinculados ao I+D deste sector, procedentes de distintos puntos de Europa e outras localizacións internacionais, puxeron en común as súas liñas de traballo para aproveitar sinerxías e intereses compartidos en favor da conformación de grandes consorcios internacionais que garantan a mellor capacitación de face a novos proxectos H2020. As claves deste programa terán a súa continuidade no Info Day nacional que se celebrará o vindeiro 29 de setembro en Madrid.

Na segunda xornada formalizouse a presentación pública do próximo programa de traballo 2016-2017 SC1 - *Health, demographic change and wellbeing*, que permitirá coñecer as demandas europeas e as liñas mestras de actuación en canto a I+D aplicada aos retos da comunidade europea no sector da saúde, o medre demográfico e benestar.

En ambos os encontros, o CITIC estivo representado polo profesor Javier Pereira, responsable de Área Tecnolóxica e eSaúde do centro galego, e Marta Núñez, responsable de Proxectos I+D Europeos. A súa misión foi compartir cos seus homólogos da UE as claves de polo menos 2 novas iniciativas que o CITIC aspira a liderar nos ámbitos das doenzas crónicas ligadas ao envellecemento e patoloxías oftalmolóxicas, co propósito de selar alianzas con outros grupos de investigación e afianzar así a súa rede estable de colaboración con outras universidades e centros de investigación de relevancia internacional. Neste senso, cómpre salientar as xuntanzas con entidades coas que xa se estableceron colaboracións, como o INRIA, instituto francés de tecnoloxías da información, ou o Institute of Health & Society da New Castrle University (Reino Unido), entre outros centros.

A aposta por ampliar o ámbito de relación internacional do CITIC súmase ás colaboracións que mantén de forma cotiá con outros organismos nacionais, Instituto Carlos III de Saúde, e autonómicos, como o SERGAS e o INBIC, entre outros. ■

Xuntanzas con representantes da "DG CONNECT" da Comisión Europea

O pasado 18 de setembro integrantes do Centro de Investigación TIC da Coruña, o CITIC, celebraron unha serie de xuntanzas con representantes da Dirección (Directorate E) *Net Futures*, dependente da Dirección Xeral da Comisión Europea para Redes de Comunicacións, Contidos e Tecnoloxía (Dirección Xeral CONNECT), cuxa misión é asegurar que as tecnoloxías dixitais contribúan aos obxectivos de crecemento da Unión Europea (UE). Isto, a través de fomentar a innovación, a creatividade, a cultura, a excelencia e competitividade en materia de investigación, "así como unha experiencia dixital fiable, accesible e positiva para todos os cidadáns europeos", sinala o CITIC, cuxa visita a Bruxelas inseriuse na súa estratexia de apoio á participación en programas abeirados á UE.

O profesor Javier Pereira, responsable de Área Tecnolóxica e eSaúde do centro, e Marta Núñez, responsable de Proxectos I+D Europeos, ademais de coñecer en profundidade o funcionamento da DG, compartiron ao longo da xornada do 18 de setembro as diferentes iniciativas que o CITIC vén desenvolvendo en materia de atención médica a través das TIC a través dos seus grupos de investigación especializados, así como as áreas de traballo previstas para os vindeiros anos, en liña co seu Plan Estratéxico 2020. Nesta axenda, lembran fontes do CITIC, a europeización do centro e o seu afianzamento internacional preséntase como un dos obxectivos "máis troncais".

Coñecer en profundidade os plans e proxectos no ámbito da innovación tecnolóxica para aliñar intereses e establecer alianzas, foi outro dos obxectivos destes encontros claves para o CITIC.

citic http://citic-research.org/

Cofinanciado por: UNIÓN EUROPEA FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL UNA MANERA DE HACER EUROPA · CDTI Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial · XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SIVSA presenta Fenix, o software de xestión clínica na nube

Fenix é o software de xestión clínica na nube, especialmente pensando e optimizado para médicos e clínicas de pequenas dimensións. A plataforma foi desenvolvida por SIVSA, empresa galega referencial en solucións informáticas para a saúde, con máis de 25 anos de experiencia e presenza en máis de 30 hospitais en seis países diferentes.

Con Fenix, informan os responsábeis de SIVSA, podemos controlar e axilizar de maneira rápida e intuitiva los procesos que se levan a cabo nas clínicas. Todos eles son centralizados en Fenix, dende a chamada para solicitar unha cita até a facturación dos servizos (tanto ao propio paciente como a unha aseguradora).

"Trátase dunha ferramenta moi práctica e moi útil", afirma o doutor Alfredo G. Allut (xefe do Servizo de Neurociruxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago), logo de ter probado Fenix.

Segundo comenta, "con esta plataforma podes xestionar toda a información clínica en calquera lugar e a un só clic, trátase dunha tecnoloxía moi recomendable e satisfactoria", afirma o doutor G. Allut.

Distintos tipos de usuarios

Malia que toda a xestión da clínica faise dende a mesma aplicación, Fenix define dous tipos de usuarios, o médico e o administrativo, centrados en funcionalidades diferentes. O usuario administrativo encárgase da creación de pacientes, a xestión das citas, a axenda e o calendario da clínica, así como de todos os procesos de facturación.

Por outra banda, o médico, con independencia de que delegue nun administrativo estas funcións, pode acceder a elas en todo intre. Pero, de xeito adicional, conta con funcionalidades específicas do seu rol, tales como:

- Xestión de axendas médicas.
- Rexistro do diario clínico.
- Xestión e automatización de exames e enquisas clínicas.
- Emisión e sinatura electrónica de receitas.
- Creación de modelos (*plantillas*).
- Xestión e sinatura electrónica de informes.
- Historia clínica electrónica.
- Normalización da información, codificación CIE-10 e medicamentos aprobados pola AEMPS.
- Integración con aseguradoras.
- Control automático da facturación.
- Migración de datos e exportación da información clínica.
- Soporte en liña.
- E moitas máis funcionalidades que lles axudarán a xestionar as actividades da clínica.

O que se pode facer con Fenix

Segundo informa SIVSA, pódese facer basicamente todo con Fenix. A nivel xeral, con Fenix non se precisa de ningún software adicional para a xestión dunha clínica, e posto que se atopa aloxado en Azure, a nube de Microsoft, é accesíbel dende calquera recanto e con todas as medidas de seguridade necesarias para tratar con datos sensíbeis, "xa que a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) confirmou as garantías dos servizos corporativos de Microsoft na Nube para a exportación de datos", explican dende a firma galega. Ao fío disto, Gonzalo Díe, director xeral do Sector Público de Microsoft, afirmou que "Fenix tira proveito de todas as vantaxes da nube de Microsoft para ofrecer aos profesionais da sanidade unha solución integral e que permite xestionar de maneira eficiente os procesos das clínicas do día a día".

Powered by Microsoft Azure

Lembrar que Fenix utiliza Azure e a Web para a xestión clínica, movéndose do modelo baseado en software empaquetado ao modelo SaaS para o sector saúde, especialmente dirixido a clínicas pequenas con persoal de TI limitado.

Módulos dispoñíbeis

- Citas y Agendas
- Historial Clínico
- Informes
- Receta Privada
- Facturación
- Tareas y Avisos
- Migración de Datos Clínicos
- Compras y Almacén
- Integración con Aseguradoras
- Mensajes
- Soporte Personalizado

O que me ofrece Fenix

Fenix é totalmente personalizábel, ofrecendo diversos plans en función das nosas necesidades. "Porén", sinala a empresa, hai marxe de abondo para un labor óptimo de adaptación. Así, en caso de que ningún dos plans propostas se chegase a axustar ao que busca exactamente o cliente, "sempre pode adaptalo de maneira específica ao número de usuarios que precise". Con todo, engade SIVSA, o máis importante é que Fenix ofrece un primeiro mes de proba gratuíta e totalmente funcional. É dicir, podémonos dar de alta dende xa e sen necesidade de achegarmos ningún dato bancario e sen ningún tipo de limitación. Para máis información, cómpre visitar **www.getfenix.net.** ■

Proxecto Enourense

A Deputación de Ourense e a EOI impulsan a innovación vitivinícola

A Deputación de Ourense e a Escola de Organización Industrial (EOI) desenvolven o proxecto Enourense orientado á mellora da competitividade e innovación das PEMES ourensás do sector vitivinícola, mediante a dinamización do tecido produtivo.

No proxecto participan 87 adegas, repartidas polas catro zonas amparadas da provincia. Na fase de captación de participantes realizáronse visitas presenciais a 148 empresas candidatas. Desta forma, sinala o organismo provincial, o programa ten garantida unha ampla representatividade territorial polas catro denominacións de orixe. En concreto, foron seleccionadas 39 adegas do Ribeiro, sobre un total de 70 contactadas; 27 de Valdeorras, elixidas en función dos criterios de selección entre 44 candidatas; 15 de Monterrei, sobre 20 posibles; e 8 da zona ourensá da Ribeira Sacra, sobre un total de 14.

O Proxecto Enourense está promovido polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través da Escola de Organización Industrial (EOI), e polo Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE) pertencente á Deputación de Ourense e conta co financiamento a cargo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. A iniciativa forma parte do plan marco de acordos subscrito entre a Deputación Provincial, a través do INORDE, e o Ministerio de Industria, para impulsar a competitividade e a innovación nas PEMES ourensás. Trátase do primeiro programa específico para o sector vitivinícola que organiza a Fundación EOI no conxunto de España.

Participan 37 adegas do Ribeiro, 27 de Valdeorras, 15 de Monterrei e 8 da Ribeira Sacra, que foron seleccionadas entre 150 empresas.

Segundo o presidente do goberno provincial, Manuel Baltar, a posta en marcha deste portal "irá acompañada de iniciativas de apoio

▲

Manuel Baltar, presidente da Deputación, e Enrique Hernández, subsecretario do Ministerio de Industria, trala sinatura do convenio do proxecto Enourense

ás pequenas e medianas empresas e de estratexias de innovación, ademais de realizar unha diagnose do sector e poñer a disposición das empresas deste ámbito unha plataforma de comercio electrónico e accións de promoción e asesoramento para mellorar a competitividade do sector".

"O agroalimentario é un sector estratéxico da nosa economía, boa proba diso é que somos a provincia de España con maior número de consellos reguladores do ámbito vitivinícola e a Deputación de Ourense ten que estar ao seu carón para que vexan nela un aliado nesa visión integral de provincia que defendemos", afirma Manuel Baltar.

A consultoría individualizada do proxecto, que se prolongará até finais de setembro, aborda tarefas tan cotiás como a xestión da web actual da adega, a introdución no comercio electrónico e mesmo o desenvolvemento de novos produtos ou campañas comerciais.

Plataforma dos viños de Ourense

Das necesidades reais que se identifiquen na fase de asesoramento sairá a primeira gran plataforma vitivinícola de Ourense, que unificará a oferta das 87 adegas participantes no Proxecto Enourense. O portal dará acceso á tenda virtual de cada firma. É dicir, cada adega administrará o seu espazo de maneira independente: os pedidos e produtos, os clientes, o marketing, a información empresarial, etc. Ademais, un administrador encargarase de xestionar e de supervisar o portal principal.

Nas xuntanzas periódicas que ven mantendo o presidente da Deputación Provincial de Ourense e dos consellos reguladores de denominacións de orixe do Ribeiro, Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras analizouse a repercusión que terá o portal web "Enourense". Manuel Baltar afirma que o ente provincial "seguirá apoiando os eventos relacionados coas catro denominacións de orixe da nosa provincia, iniciativa enmarcada na colaboración en materia de promoción, innovación e comercialización para este sector básico da economía da provincia de Ourense".

A plataforma dos viños ourensáns incorporará, ademais das seccións de empresas e produtos, información sobre os eventos, noticias e actividades dos propios consellos reguladores e das denominacións de orixe, así como material gráfico e ilustrativo sobre as rutas do viño e o turismo enolóxico da provincia. Nas vindeiras semanas, engade a Deputación, o Proxecto Enourense será dotado dunha marca comercial e de identidade corporativa, para que perdure no tempo como a maior vía de comercialización e de internacionalización dos viños elaborados na provincia de Ourense.

Liderado ourensán

Segundo datos do Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos (RGSEAA), que elabora o Ministerio de Sanidade, en Ourense hai un total de 244 sociedades no grupo de elaboración e transformación de viño, 198 no proceso de envasado, 35 no de almacenamento, 24 no de distribución e tres no de importación. Con estes datos, a provincia de Ourense concentra o 40,8% das produtoras galegas de viño, o 52,5% das envasadoras, o 29,5% das empresas de almacenamento, o 20,5% das distribuidoras e o 43% das importadoras existentes no conxunto da comunidade galega.

Os municipios ourensáns con maior número de empresas dedicadas á elaboración e/ou transformación de viño son: Castrelo de Miño (27 empresas), Ribadavia (25), Cenlle (20), A Rúa (18), Leiro (15), Vilamartín de Valdeorras (14), Arnoia (11) e Verín (11).

As 244 empresas produtoras de viño distribúense en 35 concellos ourensáns. Esta actividade xera valor engadido en nove das doce comarcas da provincia (en todas menos na Baixa Limia, Allariz-Maceda e Viana). En Terra de Celanova ten presenza a través dunha produtora de Padrenda, mentres que na de Ourense hai actividade na propia capital, na Peroxa, en Coles, en Nogueira de Ramuín e en Toén. ■



Celebración da **XX Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información** do Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia

A entrega dos premios convocados polo COETG-AETG estivo presidida polo presidente do Goberno galego.

Este mes de setembro, o día 25, celebrouse no Gran Hotel da Toxa a Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (edición XX) organizada polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG e AETG), unha velada destinada a celebrar e reivindicar o papel das novas tecnoloxías e dos profesionais galegos das telecomunicacións no desenvolvemento económico e social da nosa terra.

A cita contou coa asistencia dunhas 300 persoas, e estivo presidida polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo. Tamén acudiron entre outros, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira; e unha nutrida e plural representación das empresas máis importantes do sector do noso país.

Este ano, a gala organizada polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, estivo dedicada a *Un mundo conectado*. Como sinalou no seu discurso de presentación Bermúdez de Castro, decano do COETG, "na actualidade, menos do 1% das cousas están conectadas á rede, pero esa cifra crecerá a un ritmo do 60% anual nos vindeiros anos. En 2020, haberá 4.500 millóns de internautas e o número de conexións será de 50.000 millóns".

Perante estes cambios xa inminentes, engadiu o decano, "temos por diante un reto marabilloso: crear a infraestrutura tecnolóxica que soporte esta avalancha. Todo isto require un gran esforzo humano e económico. E os enxeñeiros de telecomunicación estamos preparados para asumilo e superalo, pero non podemos facelo sós, necesitamos a axuda das empresas e das Administracións".

O decano do COETG dirixiuse a Alberto Núñez Feijoo para pedirlle "que aposte polo futuro e pola economía dixital. As solucións do pasado no serven para o porvir. Non podemos mirar o futuro desde o espello retrovisor".

A cita dou acubillo á entrega oficial dos Premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2015, uns galardóns cos que se quere visualizar o traballo ben feito en materia de impulso TIC.

A velada comezou as 20.00 horas cunha sesión de networking, que se prolongou até o inicio da gala, na que se entregaron os sete premios do Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia. Con estes galardóns, os seus promotores quixeron convocar, un ano máis, á totalidade dos profesionais, investigadores, empresas e entidades do ámbito TIC galego. Estes recoñecementos, en palabras do colexio e a asociación, constitúen "unha excelente plataforma para a promoción e proxección das empresas e profesionais galegos e para os produtos e servizos que se están a desenvolver no sector TIC na nosa terra".

Por galardóns e obxectivos, lembrar que o P*remio Gerardo García Campos á mellor iniciativa empresarial TIC*, o *Premio Gradiant á Mellor Tese Doutoral aplicada ao sector TIC* e o *Premio Ineo ao produto ou servizo TEIC orientado ao Internet das cousas 2015,* teñen por obxecto "potenciar o noso sector salientando aquelas empresas, desenvolvementos e investigacións aplicadas con maior posibilidade de crecemento e proxección". Convocouse tamén o P*remio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais 2015*, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), destinado a recoñecer os mellores proxectos no ámbito das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) que contribúan e acheguen beneficios á sociedade. Engadir, a maiores, o *Premio Acuntia* para as nosas firmas máis implicadas no desenvolvemento de equipamentos TIC intelixentes e os galardóns honoríficos *Premio Socio de Honra e Premio Enxeñeiro do Ano.*

Premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2015

O **Premio Gerardo García Campos** á mellor iniciativa empresarial no sector TIC, outorgado polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, foi para CO2 Smart Tech, S.A., pola súa contribución á creación de emprego, o seu espallamento internacional e a consolidación do seu volume de negocio en amplos mercados.

O **Premio Gradiant á mellor tese doutoral aplicada ao sector TIC 2015**, outorgado polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, recaeu en Alberto Rico Alvariño por *Cognitive and signal processing techniques for improved spectrum exploitation in wireless communications*. A tese premiada expón técnicas que incrementan a eficiencia das redes sen fíos e aporta solucións ao problema de reutilización do espectro radioeléctrico, que ten un impacto fundamental no desenvolvemento socioeconómico. Unha mostra da súa aplicabilidade é que os resultados desenvolvidos foron licenciados para o uso da Axencia Espacial Europea nos seus proxectos e estándares.

O **Premio Ineo ao produto ou servizo TEIC orientado á Internet das Cousas** outorgado polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, foille concedido a Consultores Tecnológicos Industriales de Galicia polo proxecto Open Framework i3. V4.0, un sistema aberto para a extensión da automatización de procesos a partes do sistema produtivo industrial no que aínda non estaban implantados.

O **Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais** outorgado polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, en colaboración coa AMTEGA, recaeu nas Aulas Interactivas para a estimulación cognitiva de alumnos coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual de Down Galicia. O galardón recoñece o carácter innovador da idea, a súa viabilidade e aplicabilidade pragmática e a súa contribución ao acceso ás TIC e a inclusión dixital.

O **Premio Acuntia á empresa galega que aposta polo desenvolvemento de infraestruturas intelixentes de telecomunicacións**, outorgado polo Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, concedeuselle a RETEGAL, polo seu esforzo e dedicación "en pechar a fenda dixital na nosa comunidade". Segundo fixo saber o xurado recentemente, "a compañía galardoada despregou unha infraestrutura tecnolóxica que ofrece unha ampla cobertura, malia a difícil orografía de Galicia".

Polo que respecta ao **Premio Socio de Honra 2015** da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia foille concedido á Asociación PuntoGal pola súa contribución á visibilidade na Rede, da lingua, a cultura e a identidade de Galicia. A entidade recoñecida polos enxeñeiros de Telecomunicación galegos foi a principal responsábel da consecución do noso dominio propio, o .gal, o gran identificador en liña da nosa lingua e cultura e dos seus cometidos (presentes e vindeiros) no progreso e a modernidade.

Por último, o **Premio Enxeñeiro do Ano 2015** do Colexio Oficial e da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia recaeu en José María Pousada Carballo "pola súa contribución á difusión das Tecnoloxías da Información e a Comunicación en Galicia, primeiro como director da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo, e posteriormente como director do Centro Universitario de la Defensa, na Escola Naval Militar de Marín". ■

Avante a aceleradora galega de Telefónica

Galicia Open Future II comeza a guiar o plan de negocio dos seus 50 proxectos seleccionados

A segunda edición de Galicia Open Future chegou a mediados de setembro a un punto importante do seu desenvolvemento. Segundo puidemos saber, o centro de *crowdworking* posto en marcha na Cidade da Cultura por Telefónica (en colaboración coa axencia autonómica AMTEGA) encetou eses días a súa actividade formativa con respecto aos proxectos finalmente seleccionados para participar nesta nova edición da palestra de emprendemento galego TIC. Trátase de medio cento de proxectos, dos que 20 proceden da Coruña, 12 de Santiago, 7 de Vigo, 3 de Lugo, 3 de Ourense e outros 3 de Vilagarcía, Tui e norte de Portugal.

Cada proxecto, como acontecía o ano pasado e malia as moitas semellanzas que poidan amosar (todos eles son innovadores e están en menor ou maior medida moi centrados nas novas tecnoloxías da información), ten as súas características e diferentes estados de desenvolvemento (hainos que son propostas e outros están comercializándose). Pese a contar co devandito substrato común (as TIC) abranguen sectores diversos: a madeira, a saúde, o motor, a agricultura, etc. Este ano, como dixemos, hai un proxecto con orixe en Portugal, cuxa inclusión responde en parte á arela de impulsar a colaboración galego-lusa no eido do emprendemento.

Na primeira andaina da segunda edición de Galicia Open Future (esta andaina arestora en curso) os responsábeis dos proxectos elaborarán cadanseu plan de negocio. Para isto, recibirán asesoramento e adestramento dun completo elenco de especialistas procedentes de Telefónica e os seus centros de *coworking* e *crowdworking,* con amplos coñecementos en materias como a mercadotecnia, o comercio electrónico ou a busca de financiamento. Os emprendedores terán tamén ocasión de compartir experiencias con outros proxectos de todo o mundo involucrados no programa de innovación Open Future de Telefónica -no que se integra Galicia Open Future-, e que xunta novas empresas, investidores e entidades públicas e privadas de todo o mundo. Igualmente disporán dunha axuda de 2.000 euros achegada pola Axencia Galega de Innovación (GAIN). Isto polo que respecta á primeira fase da edición segunda. Logo, na seguinte etapa do camiño, elixiranse as tres mellores iniciativas da aceleradora (estas tres iniciativas recibirán un pulo de 25.000 euros da man de GAIN, amais de ter acceso a un empréstamo reembolsábel de XesGalicia por un valor máximo de outros 25.000 euros).

As iniciativas que comezaron as súas xeiras formativas son as seguintes: 123Fly, Aenea.org, Axenda Cloud BigData, Engade unha capa social á túa web en 1 só clic, Appersonalizar, Cogomelo Games, Conectacam, Dismedia, Dogoplay, Energyatyco, Gelecoair, Historiable - Historias que valen a pena, Opositatest.com, Phottic, Nos Juntamos, Real2Estafe, Versabotics, VIP Waiter, Humanas Saúde Organizacional, SMEV, Apparece, Bares Wave Rider Buoy, E-Monte, Insulclock, Lagunal, LexPrevia, MD IUS Innovation, Nubings, Prefapp, Proxecto Wimbag, SetPay, S-REC, Evernight, KITeKAR, Proxecto de Adrián Paramés González, Forginx, Rhinometrics, Smart Water, VoxelCraft, Keko Tukos, Muuusy, Nudoss.com, iBeeAgro, Autofarm, Meigalabs, Refly e Pekeagenda.com. ■

A operadora, na listaxe de firmas TIC máis sustentábeis

Telefónica vén de obter un importante recoñecemento en materia de sostibilidade ao ser incluída entre as novas compañías líderes deste ámbito (o sustentábel) do sector tecnolóxico mundial. A listaxe de empresas máis salientábeis foi feita en base ao índice Dow Jones Sustainability Index (DJSI) pola axencia Robeco-SAM. A posición da operadora española na clasificación mellora en cinco puntos a súa marca de 2014. A dita axencia valorou a Telefónica con 85 puntos sobre 100, ou sexa 29 puntos porcentuais máis cá media do sector. A dita listaxe de nove firmas de telecomunicacións elaborouse a partir de 71 firmas candidatas pola súa capitalización bolsista.

Como dixemos, Telefónica foi quen de mellorar a súa puntuación con respecto ao acadado o ano previo, e fíxoo en tres das dimensións do índice: as dimensións económica, ambiental e social. O índice, sinala a operadora, define a sustentabilidade corporativa como "un enfoque de negocio que persegue crear valor a longo prazo para os accionistas mediante o aproveitamento de oportunidades e a xestión eficaz dos riscos inherentes ao desenvolvemento económico, ambiental e social".

O 70,3% dos fogares dispoñen xa de banda larga

Así se detalla nun novo informe do Observatorio da Sociedade da Información de AMTEGA

Temos novos datos sobre o espallamento e afianzamento da Rede na nosa terra. Trátase do informe *Diagnóstico sobre a Sociedade da Información nos fogares galegos*, feito polo Observatorio da Sociedade da Información de AMTEGA. Entre outras informacións, sinálase que no período comprendido entre 2010 e 2014 medraron nun 51% os fogares galegos en con Internet de banda larga contratada, unha cifra que arestora sitúase no 70,3% do total de domicilios da nosa terra. O incremento da devandita taxa no último ano foi do 7,7%. Estes números, sinala AMTEGA, sitúan a Galicia a menos de tres puntos da media estatal.

"Nos últimos catro anos", engádese, "a Comunidade recortou de xeito significativo a fenda dixital coa media estatal e europea nos principais indicadores de acceso e uso das TIC nos fogares galegos." Amosado en números, o 71,5% dos fogares galegos dispón de ordenador, porcentaxe que aumentou un 16,1% no período 2010 – 2014. A diferenza entre a media galega e a estatal pasou de 7,1 puntos no 2010 aos 3,3 da actualidade.

Ademais, un 69,3% da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses, experimentando un crecemento do 6,9% no último ano.

O estudo do OSIMGA confirma que a presenza de nenos no fogar, o maior tamaño do hábitat, o nivel de estudos e de ingresos son factores determinantes no uso das TIC. Así, a contratación de Internet en fogares con nenos en idade escolar obrigatoria sitúase no 87,5%, máis de 22 puntos porcentuais que nos fogares sen nenos. Respecto ao hábitat, reflíctese no informe todos os núcleos de máis de 10.000 habitantes superan a media galega de contratación a Internet, "e no caso dos núcleos de máis de 50.000 sitúanse por riba da media estatal". Por outra banda, engádese, "no último ano os núcleos de menos de 5.000 experimentaron un incremento de 7 puntos porcentuais, chegando ao 52,4% de fogares con internet contratado".

A enquisa tamén achega datos sobre as principais razóns que se argumentan en contra de non contratar servizos de Internet: que "non se necesitan" (43,8%) que "non queren" (41,9%) ou que "téñense poucos coñecementos para usalo" (36,7%). En cuarto lugar estaría "o alto custo da conexión" (34,5%).

Respecto do comercio electrónico e do seu afianzamento, a investigación informa que case a terceira parte da poboación da nosa terra adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses, 2 puntos por riba do conxunto do Estado, incrementándose un 17,5% no último ano. Os fogares cun só membro son os que máis realizan compras en liña, engádese, "cunha porcentaxe do 33,9%, unha cifra que vai diminuíndo a medida que aumenta o número de persoas no fogar, acadando un 19,6% nos fogares de 5 ou máis membros".

O noso país tamén salienta na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, "por riba da media estatal e europea", informa o observatorio OSIMGA, que engade que "o 64,7% dos internautas galegos obtivo información das páxinas web institucionais nos últimos doce meses, superando xa a media estatal e europea en 4,7 e 13,7 puntos porcentuais, respectivamente". Igualmente estamos por enriba das medias estatal e europea no eido da descarga e o envío de formularios, accións levadas a cabo por un 53% e un 57,6% dos internautas galegos.

O estudo do que se extraen estes datos, realizado polo OSIMGA, é o terceiro informe que se elabora no marco do convenio asinado entre a AMTEGA e o IGE, a partir dos datos recollidos na *Enquisa Estrutural a Fogares* do Instituto Galego de Estatística. Esta colaboración permite analizar o equipamento e uso das TIC a partir de 8.025 entrevistas en fogares e 17.361 enquisas a persoas de 16 a 74 anos de idade, facilitando unha maior desagregación dos datos segundo áreas xeográficas e atendendo ás especificidades da Comunidade Autónoma Galega. Lembrar que todos os informes e documentos do OSIMGA distribúense libremente na Rede baixo licenza Creative Commons e están dispoñíbeis na web do Observatorio, osimga.org. ■

En marcha o Portal da Lingua Galega

Lingua.gal inclúe un innovador e completo tradutor aberto para toda a cidadanía

O pasado 11 de setembro presentouse en Santiago o novo Portal da Lingua Galega (lingua.gal), que a partir de agora reemprazará a web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL). Amais deste portal, deuse a coñecer en detalle, debullándoo polo miúdo, un dos recursos acubillados naquel, o tradutor Gaio, "até o de agora de uso interno na Administración e a partir de xa en aberto para toda a cidadanía", sinalaron no acto perante os medios o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Mar Pereira.

Na presentación, Valentín García salientou "a proxección social" do Portal da Lingua Galega, que ten unha vocación cidadá, dixo, "que soborda os límites do unicamente administrativo, pois ofrece información, servizos, recursos e actividades para que os galegos e galegas poidamos vivir en galego".

Mar Pereira, fixo saber que a presenza da Administración pública na Rede é "unha ferramenta fundamental para a prestación de servizos públicos dixitais e, neste caso concreto, para difundir a nosa riqueza cultural, patrimonial, lingüística e social". Na súa opinión, este reto ("fortalecido co emprego do dominio .gal") está a ser asumido dende todas as canles institucionais, "ao abeiro do compromiso que asumiu o Goberno galego o pasado mes de maio e que se completará a finais de 2016 coa migración de todos os portais e o correo corporativo ao .gal".

Durante a presentación García e Pereira afondaron nas directrices que orientaron a remodelación da web da Secretaría: "harmonizala co deseño corporativo da Xunta e coas súas directrices de transparencia, seguridade e accesibilidade; completar o traspaso ao dominio.gal; renovar a súa aparencia cunha estética máis agradable e actual; estruturala de maneira que se axuste ás dinámicas, programas e actuacións que actualmente desenvolve a SXPL e presentar a información e os servizos dunha maneira máis intuitiva e transparente para a cidadanía".

Como dixemos, inclúese ao abeiro do portal o tradutor Gaio, "que permite a tradución directa e inversa de textos e de webs en galego, castelán, portugués, inglés, francés e catalán, e que posibilita a tradución de textos e tamén a tradución inmediata de páxinas web". A funcionalidade, fíxose saber, incorpora unha personalización de máis de 16.000 termos entre topónimos galegos, terminoloxía específica da administración, nomenclatura vinculada ás corporacións de todos os Concellos, Consellerías, etc. Pereira e García engadiron que "esta útil ferramenta, até agora de uso interno na Administración, está desde xa a disposición de toda a cidadanía no dominio lingua.gal".

Volvendo a lingua.gal, lembraron que conta cun buscador que posibilita atopar os contidos que nos interesan "sen necesidade de coñecer a estrutura do web ou a organización interna da Secretaría Xeral de Política Lingüística". Tamén engadiron que conta con filtros que facilitan a selección dos recursos axeitados ás necesidades de cadaquén entre a ampla oferta con que conta este espazo web.

Accesibilidade

Segundo se fixo saber na presentación, o sitio web inclúe en todas as súas páxinas unha versión de escoita e foi deseñado co obxectivo xeral de que todas as persoas que o visiten poidan navegar polos seus contidos sen atopar atrancos no seu camiño. Neste senso, a política de accesibilidade aplicada está aliñada coas esixencias do Real Decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o *Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social*. As páxinas do portal cumpren a marca AA segundo a Norma UNE 139803:2012 e as Directrices de Accesibilidade para a Contido Web 2.0 do (WCAG 2.0) pola Iniciativa de Accesibilidade Web (WAI) do World Wide Web Consortium (W3C). Asemade, engadiuse, todos os requisitos do Nivel A e do Nivel AA foron "comprobados e corrixidos mediante unha análise semi-automática da accesibilidade a través de diferentes ferramentas". Para as mellores condicións de navegación, os desenvolvedores do sitio recomendan tirar proveito das versións máis recentes de navegadores tales como Mozilla Firefox, Google Chrome, Opera, Internet Explorer, Safari etc. ■

Recursos para traballar en galego

Respecto dos elementos incluídos no novo portal para vivirmos e traballarmos na nosa lingua, achéganse os seguintes recursos: léxico específico sobre sectores produtivos e ámbitos sociais e culturais (Agricultura. Arte, Educación, Enerxía, etc), complementos galegos para todo tipo de paquetes ofimáticos (extensións en galego para Microsoft Office versións 2003, 2007, 2010 e 2013; para Microsoft Office Mobile e para Apache OpenOffice 4, para LibreOffice e para AbiWorld), paquetes de interface na nosa lingua para todo tipo de sistemas operativos (Windows Vista, Windows 7, Windows 8, Windows 8.1, Windows 10, Trisquel GNU/Linux, Gnome, KDE, Fedora, OpenSuSe e Ubuntu Genome) e idioma galego para ferramentas diversas de xestión ou edición como Gimp, Thunderbird, Pidgin, Odoo, OpenBravo, Magento, PrestaShop, Xeshostal, NavalPlan/LibrePlan, OwnCloud, FileZilla, Alfresco ou Microsoft Dynamics CRM 2015.

Tamén se fornecen tradutores automáticos como o devandito Gaio ou o Opentrad, correctores da lingua galega (Office Online, ferramentas de verificación de Microsoft Office 2013, corrector para Office XP e Office 2003, corrector para Office 2000, Linguakit e Golfiño para OpenOffice), o Dicionario da Real Academia Galega, o Dicionario de pronuncia da lingua galega, DigaTIC (Dicionario Galego das TIC desenvolvido pola AETG-COETG).

Asemade, temos á nosa disposición complementos no noso idioma para navegadores web (Mozilla Firefox, Internet Explorer e Microsoft Edge), convertedores texto-voz (Oddcast, Loquendo, Cotovía), buscadores (recursos para galeguizar Bing e Google) e o auditor de accesibilidade (ferramenta da Fundación CTIC para a análise da accesibilidade de sitios web baseada nas pautas WCAG 1.0 do W3C).

VALENTÍN GARCÍA

"Lingua.gal ten unha vocación social de normalización do galego"

Falamos do novo portal co secretario de Política Lingüística

O secretario xeral de Política Lingüística e a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia presentaron en rolda de prensa o novo Portal da Lingua Galega

Claridade e transparencia. Estes serán algúns dos principais puntos fortes do novo portal Lingua.gal de cara á cidadanía. Que significa isto? Pois basicamente que se reduciron ao máximo os elementos que se poden interpoñer entre nós e a información, ao tempo que se abre a web a unha maior cantidade de novos usuarios potenciais (por exemplo os acabados de chegar á Sociedade da Información). Ou sexa, que a web vai ser máis doada de usar que aquela á que substitúe. Así nolo conta o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, que nos leva da man nesta entrevista por aquelas cousas de Lingua.gal que non se poden deixar de salientar. Por exemplo a ferramenta de tradución Gaio, ou tamén a longa listaxe de elementos que fan do portal un portal diferente, non só con respecto ás restantes páxinas galegas senón tamén en relación con outros portais da Xunta. En palabras do secretario xeral, "Lingua.gal non ten un carácter só administrativo, senón unha vocación social de normalización da nosa lingua".

> Na primeira fin de semana de funcionamento do Portal da Lingua Galega o buscador web rexistrou máis de 1.000 consultas coa palabra "Gaio".

- **En liñas xerais, que novidades fornece o Portal da Lingua Galega, Lingua.gal, en relación á web da Secretaría Xeral de Política Lingüística á que substitúe? En que nos imos beneficiar os usuarios desta nova páxina? En que se vai beneficiar a Secretaría?**
- O principal beneficio para os usuarios do novo Portal da Lingua Galega é o dunha organización moito máis clara e transparente que lles permite acceder aos contidos dun xeito máis doado e intuitivo, sen necesidade de coñeceren a estrutura interna do noso departamento. Para a Secretaría é unha oportunidade para amosarlle mellor o seu traballo á sociedade e poñer á súa disposición os servizos e recursos que ofrece.

- **Un dos puntos fortes do Portal é sen dúbida o tradutor Gaio, até o de agora de uso interno da Administración e agora dispoñíbel para todas e todos os internautas.**
- En efecto, este recurso presentouse en aberto para toda a cidadanía o mesmo día ca o portal Lingua.gal e espertou inmediatamente o interese da xente. Fíxese que na primeira fin de semana de funcionamento do Portal da Lingua Galega o buscador web rexistrou máis de 1.000 consultas coa palabra "Gaio".

- **Cales son as principais vantaxes que pon en xogo esta ferramenta?**
- Trátase dunha solución de código libre, baseada nunha plataforma de código aberto, que permite a tradución de texto plano e tamén a tradución inmediata de páxinas web. Para a tradución bidireccional galego-castelán e galego-portugués inclúe unha personalización de máis de 16.000 termos entre os que está a toponimia de Galicia, terminoloxía específica da Administración, nomenclatura vinculada ás corporacións de todos os concellos, consellerías etc. Neste sentido, cómpre destacar que a versión pública do Gaio se beneficia das melloras realizadas, tanto no aspecto lingüístico coma no técnico, durante os dous anos de uso interno da ferramenta na Administración galega. O tradutor permite tamén a tradución bidireccional galego-inglés, galego-francés e galego-catalán.

- **Na presentación de Lingua.gal fíxose saber que este portal salienta por achegar unha manchea de recursos dirixidos a permitirnos vivir en galego. Será como unha axenda completa de todo aquilo no que poidamos participar, en liña ou *offline*, para gozar de termos un idioma propio?**
- Lingua.gal é un portal diferente a outros portais da Xunta porque non ten un carácter unicamente administrativo, senón unha vocación social, de normalización do galego. Os recursos que ten agora mesmo, e os que se seguen incorporando, son moi variados. Inclúen as actividades de dinamización lingüística da nosa axenda, pero tamén ferramentas informáticas, manuais para preparar os exames CELGA, xogos e cancións para os nenos... En recursos para traballar en galego, por exemplo, podemos atopar desde léxicos sectoriais útiles para diferentes profesionais ata sistemas operativos que incorporan a nosa lingua, pasando por software específico para empresas ou conversores de texto a voz. Hai moitas máis ferramentas que facilitan o noso traballo en galego das que coñece a maior parte da cidadanía. O noso obxectivo é facelas visibles e animar ao seu uso.
  Aínda que se fixo un esforzo de actualización importante, é verdade que algúns destes recursos xa estaban no anterior web da Secretaría Xeral de Política Lingüística. O máis relevante é que agora é máis doado localizar o que a un lle cómpre, porque hai unha sección específica onde poden atoparse clasificados en recursos para vivir, traballar ou medrar en galego, publicacións e outros. Dentro de cada unha destas subseccións o usuario atoparà un filtro que permite afinar aínda máis a busca.

- **Entre outras moitas cousas, Lingua.gal incorpora un buscador que se dirixe a facilitarnos a procura de contidos sen necesidade de coñecer a estrutura da web. Quero isto dicir que se fixo un esforzo especial por facer información cen por cen accesíbel e doada de localizar?**
- Exactamente. Dende as primeiras reunións entre técnicos da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da AMTEGA púxose enriba da mesa a necesidade dun buscador potente que contribuíse á transparencia e á usabilidade do web, que permitise a localización dos contidos en que cadaquén está interesado sen necesidade de coñecer o funcionamento interno da Secretaría ou a estruturación do portal. Pero hai máis elementos de Lingua.gal que se pensaron para contribuír a este obxectivo, como os mencionados filtros das zona de recursos ou a mesma organización do portal nas seccións O galego... coñecelo, aprendelo, promovelo, investigalo e proxectalo ao exterior.

- **Dende o punto do visual e do deseño, que nos podería destacar? Cara a onde se dirixe a imaxe final do portal? Dito doutro xeito: o que vemos os internautas cando accedemos a este espazo web, de que retos e obxectivos parte?**
- **Entre os obxectivos que se perseguían con esta renovación estaba conseguir unha estética máis agradable e actual, que convidase a entrar e que fose reflexo da modernidade e da vixencia da lingua galega.**

- **Cal cre vostede que foron as eivas principais da páxina anterior da Secretaría, eivas que imaxinamos quixéronse emendar con este novo portal acabado de pór en marcha? Cre vostede que a páxina previa non era de abondo informativa e participativa?**
- A páxina que tiñamos foi no seu momento innovadora e útil, pero, tras unha década de uso, pedía cambios para adaptarse ao momento actual. Xa falei da necesidade dunha renovación estética e de contar cun buscador máis potente que facilitase a localización de contidos. Tamén nos cumpría harmonizar o noso portal co deseño corporativo da Xunta e coas súas directrices de transparencia, de seguridade e de accesibilidade. Ademais, buscabamos unha estruturación que se axeitase mellor ás liñas de traballo e programas de actuación que desenvolve actualmente a Secretaría Xeral de Política Lingüística, porque o web anterior estaba organizado arredor dunha campaña moi concreta que xa non está vixente.

- **Os internautas podemos contribuír ao bo funcionamento da web? De que maneira poderíamos facelo?**
- O máis importante para nós é que a xente o use e lle saque partido. Sería normal que, sobre todo nas primeiras semanas, se detectasen algúns erros de funcionamento que teremos que ir solucionando e, por suposto, se alguén atopa algún, estaremos encantados de recibir os seus comentarios e solucionar canto antes o problema.

- **A posta en marcha de Lingua.gal vai vir acompañada de máis accións e recursos (a curto e medio prazo) para fomentar a presenza do galego na Rede e fóra dela por parte do departamento que vostede dirixe?**
- Por suposto. Este non é o final do camiño, nin moito menos. A curto e medio prazo temos moitos proxectos en marcha e todos están encamiñados a fomentar a presenza do galego en distintos ámbitos. Neste momento, estamos facendo un esforzo particularmente intenso no ámbito da empresa co Plan e dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020, pero seguimos traballando en novas tecnoloxías, transmisión familiar, proxección exterior… Non hai máis que botarlle unha ollada ao Portal da Lingua Galega para ver que estamos máis activos ca nunca. ■

colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia

Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia

XX Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información

Un mundo conectado

en agradecemento a os nosos patrocinadores

XUNTA DE GALICIA

amtega

acuntia · cellnex · CRTVG · Egatel · ERICSSON · Escola de Enxeñaria de Telecomunicación · everis · Gradiant

IBM · indra · ineo · Fundación Ingeniero Gerardo García Campos telsis · ORACLE · orange · PSN · amic

R · retegal · satec IT's easy · SMARTEL · telecon · Telefónica

Televes · tesec · ufinet · vodafone · ZTE

Asesoramento sobre infraestruturas TIC para os concellos galegos

A Amtega e a AETG colaboran para ofrecer un servizo de asistencia profesional no ámbito local

Os concellos galegos contan cun servizo de asesoramento sobre normativa e solucións técnicas para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación. Esta iniciativa, froito da colaboración entre Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia (Amtega), pon a disposición das entidades locais un equipo integrado por enxeñeiros de telecomunicación con ampla experiencia en ámbitos diversos, que ofrece soporte centralizado para resolver dúbidas sobre a aplicación da normativa e cuestións técnicas da implantación dos equipamentos e infraestruturas de telecomunicación que afectan ás actividades das administracións locais.

Grazas a este servizo, sen custe para os concellos, o persoal e equipo técnico das entidades locais teñen ao seu alcance vías de interlocución directa cos responsables do servizo mediante atención telefónica en horario de luns a venres de 9 a 14 horas no número 981913576 ou por correo electrónico no enderezo oficinaconcellos@aetg.gal.

Esta medida vén motivada polos numerosos cambios en materia das telecomunicacións que se están a producir nestes anos, e que repercuten nas actividades sobre as que exercen as súas competencias as entidades locais. Trátase de eliminar as dificultades de actualización normativa e de acceso á información tecnolóxica que condicionan o funcionamento diario destas Administracións Locais.

A recente lexislación sectorial persegue que as infraestruturas de telecomunicacións nos concellos se contemplen do mesmo xeito que as outras infraestruturas de servizos de interese xeral. Por este motivo, de xeito especial se busca ofrecer asesoramento sobre a maior implicación das entidades locais nestes despregamentos que promoven tanto a Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións, como a Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

Deste xeito, a tendencia lexislativa nos ámbitos autonómico, estatal e europeo, converxe coas actuacións que ven realizando a AETG en prol da equiparación dos servizos e subministros de telecomunicacións con outros servizos tradicionais como os de distribución enerxética, abastecemento de auga ou saneamento.

Os cambios sucédense a velocidade vertixinosa neste sector, polo que as dificultades no acceso a información tecnolóxica e no proceso de actualización normativa son problemas moi reais para as entidades locais. Dende a AETG ponse de manifesto a receptividade do equipo técnico do persoal dos concellos ante o servizo, reflexo dunha necesidade real de asesoramento.

A oficina de concellos da AETG non só ten un carácter reactivo, senón que está a levar a cabo accións proactivas de divulgación coas entidades locais. Coa intención de darlle continuidade á elaboración por parte da AETG en colaboración coa AMTEGA do documento-marco *Guía de boas prácticas para o despregamento das Infraestruturas de Telecomunicación*, concebido como compendio de indicacións para un despregue ordenado destas infraestruturas dentro do ámbito local, actualmente continúase coa elaboración de nova documentación de utilidade para os concellos como as *Recomendacións para a introdución de infraestruturas de telecomunicación en plans urbanísticos municipais.*

O servizo de asesoramento é unha das medidas do convenio de colaboración subscrito por AETG e a Amtega en abril deste ano. ■

A comunicación en liña é mellorábel

A necesidade de garantir unha cultura libre foi o eixo dunha xornada do Consello da Cultura Galega

O 21 de setembro celebrouse en Santiago unha cita de gran interese para os nosos profesionais do xornalismo e da cultura. En parte polo coñecemento achegado a múltiples bandas que se xeraron arredor do presente e futuro da comunicación, en parte polo espírito crítico e independente que presidiu o transcurso dos relatorios e mesas redondas. Falamos da xornada *Cultura e comunicación na Europa do século XXI,* evento organizado polo Consello da Cultura Galega (na súa sede) co obxectivo de desvelar as oportunidades a eivas do subministro de información asociado ás novas canles e tecnoloxías. Xosé López, Xosé Rúas e Manuel Gago foron os coordinadores dun encontro no que se falou, e moito, de como se debe tratar o coñecemento para garantir a máxima liberdade. Neste ámbito moveuse precisamente o galego Víctor Sampedro (catedrático de Xornalismo), autor do libro *O cuarto poder na Rede,* que foi tamén o título do seu relatorio.

A xuízo do profesor Sampedro, a cultura ou é aberta e participativa ou non serve. O relator puxo no seu punto de mira múltiples elementos e servizos da comunicación e da industria actual do coñecemento, incluída a rede social Facebook, coa que foi especialmente crítico, cualificándoa de comunidade ao servizo do espírito "acomodaticio e consensual", xa que, comentou, dende o principio quedou claro que só ía achegar dúas opcións para os seus integrantes acerca da opinión que lles mereceran os contidos que tivesen diante: ou "gústame" ou silencio.

▲ **Carlo Sorrentino e Xosé López na xornada do CCG**

Ao xuízo do profesor, pechar o coñecemento é un novo xeito de privatizar, de poñer a riqueza en poucas mans, de facer negocio cun ben universal. "Isto é o que fai Facebook con todos vostedes, non se enganen", apuntou aos integrantes do público reunido na xornada, subliñando a idoneidade da expresión "granxas de datos" cando os críticos coa dita rede social definen cada sitio persoal acubillado na mesma. "O negocio da información, a capitalización da mesma", engadiu, "non expulsa ao fraudulento ou ao mentireiro do seu seo, a diferenza do que acontecería nunha sociedade de cultura libre e participativa". Estas son as consecuencias, explicou, dunha corrente produtiva que se estende imparábel: o capitalismo cognitivo, unha tendencia na que se moven comodamente profesionais como os chamados *community managers*, responsábeis de comunicades en liña, que son, dixo, "pastores de ovellas dixitais que conducen á xente directamente a pacer onde eles queren que estean: mercando os produtos e os servizos que eles representan e nos que teñen intereses".

Amais das declaracións a prol disto do profesor Víctor Sampedro, houbo máis voces que avogaron por facer da cultura un ben integralmente común e das tecnoloxías espazos críticos de reflexión para un mundo mellor e nos que se respecte o diverso. Voces como por exemplo as de Carlo Sorrentino, profesor de Socioloxía dos Procesos Culturais e Comunicación, da Università di Firenze, quen puxo sobre a mesa como a Rede muda o concepto de esfera pública que pasa a xerar unhas identidades máis diversificadas e individualizadas. Segundo Sorrentino a día de hoxe importa a visibilidade e, nese contexto, o xornalismo transformou o seu papel ao apareceren tamén outros "recipientes" que nos axudan a crear novas narrativas sobre a realidade. A sesión da mañá completouse co relatorio de Mary McCarthy, directora da National Sculpture Factory que falou desde un punto de vista creativo da divulgación do centro que dirixe cun relatorio titulado *Arts activity in a time of national crisis. An Irish perspective.*

A sesión da tarde tivo un carácter práctico e nela responsábeis de publicacións de ámbito cultural expuxeron en primeira persoa a súa situación. Blanca Berasátegui, directora de *El Cultural*, afirmou que a obriga dun xornalista cultural pasaba por diferenciar entre difusión e calidade e a así como axudar a xerarquizar e instruír a cidadanía. Foron Carles A. Foguet, un dos fundadores dunha das revistas culturais de máis éxito dos últimos tempos como é Jot Down, e Marta Peirano, responsábel de cultura de eldiario.es e que completaron as experiencias prácticas. Para Peirano "o noso traballo non é criticar, senón ofrecer ferramentas para a xente saiba comprender a realidade", mentres que para Foguet falou da evolución desta plataforma que naceu como un *magazine* e que se converteu nunha empresa de comunicación e difusión cultural. Os tres amosaron a importancia de rendibilizar e capitalizar a cultura. "Hai que pagar ao creador, as ideas teñen dono e ese capital e esa rendibilidade dá liberdade e independencia ao traballo" apuntou Blanca Berasátegui. ■

Debates do **máximo nivel** arredor do **software libre**

Roberto Zompi (Magneti Marelli) e Victor Tuson (Canonical) participarán en LibreCon 2015

Roberto Zompi, un dos grandes expertos na aplicación de software de código aberto no ámbito dos coches intelixentes, e Victor Tuson Palau, vicepresidente de Canonical (a empresa creadora do sistema operativo Ubuntu), participarán como relatores en LibreCon 2015. Lembrar que as entidades empresariais AGASOL, ASOLIF e Clúster TIC Galicia son as organizadoras deste evento, un punto de encontro ineludíbel para os seareiros, usuarios e desenvolvedores (empresas, profesionais, asociacións, institucións) dos ámbitos galego, estatal e internacional da programación aberta. A cita é en Compostela os días 29 e 30 de outubro.

Roberto Zompi, informa a organización, é xerente de Enxeñaría Avanzada na multinacional de compoñentes e sistemas de alta tecnoloxía para o automóbil Magneti Marelli, pertencente ao Grupo Fiat Chrysler, histórico propietario de marcas do prestixio de Ferrari, Lancia, Alfa Romeo e Maserati. É tamén vicepresidente de Genivi Alliance, un consorcio que promove a aplicación de software de código aberto no eido do motor.

Victor Tuson Palau é vicepresidente de Canonical, a empresa que está detrás do sistema operativo lbre Ubuntu, e é o responsábel dos proxectos para a aplicación desta ferramenta open source aos dispositivos móbiles. Ambos os dous expertos participarán nas sesións plenarias da quinta edición de LibreCon, para a que se estima unha participación de 1.500 profesionais e unhas 600 empresas.

Antonio Rodríguez del Corral, presidente do Clúster TIC Galicia e director de Desenvolvemento de Negocio de R, sinalou que "a participación de Roberto Zompi en LibreCon 2015 garante un debate do máximo nivel nun eido de tanta relevancia económica como é a aplicación das tecnoloxías abertas ao sector do Automóbil".

Pola súa banda, Xavier Castaño, presidente de AGASOL, manifestou a súa satisfacción por poder confirmar a participación de tecnólogos do prestixio de Victor Tuson Palau e Roberto Zompi. "En datas vindeiras agardamos poder confirmar máis relatores que completarán un panel de auténtico luxo, de xeito que o encontro será unha oportunidade única para coñecer casos de éxito, inspirarse nos consellos dos expertos e facer *networking*", asegurou. Castaño engadiu que a inscrición de participantes avanza a bo ritmo e animou a todos os interesados a visitar a web de LibreCon (librecon.io) para conseguir as súas entradas.

Segundo informou recentemente o Clúster, a conferencia ten por obxectivo fundamental dar novos folgos ao negocio e ao emprego en todos os sectores da sociedade botando man dunha fórmula con grandes beneficios e vantaxes para o conxunto da sociedade: a fórmula do software libre.

Esta edición xirará arredor das seguintes temáticas: a electrónica de consumo, o motor (sistemas de lecer, automóbil conectado), a Internet das Cousas, o software libre na docencia e o comercio electrónico.

O programa de Librecon abranguerá conferencias, mesas redondas e presentacións de iniciativas que irán artellándose en itinerarios centrados na difusión de coñecemento práctico aplicado de solucións abertas, a través de casos de éxito reais no ámbito público e privado en cada un dos eixos temáticos.

Segundo lembran AGASOL e o Clúster TIC, haberá zona de obradoiros e demostracións de produto na que se presentarán solucións abertas "cun enfoque eminentemente práctico", polo que estarán dirixidos cara a perfís máis técnicos cun alto poder de decisión nos departamentos de IT de diferentes organizacións.

Como recordaremos, LibreCon é un evento de nivel mundial que xunta expertos de distintos ámbitos e organizacións internacionais. En entregas anteriores, contou coa presenza de Bruce Perens, co-fundador da Open Source Initiative (OSI), Jeremy Allison, da área de Open Source de Google, Jesús Ruiz, director de Innovación Aberta de Banco Santander, Peter Hofmann, responsábel do proxecto LiMux do Concello de Múnic, Timur Pulathaneli, enxeñeiro de desenvolvemento en Ford ou Jim Whitehurst, presidente de Red Hat.

"LibreCon", sinalan os organizadores, "é un foro único para coñecer algúns dos casos de éxito de negocios e tecnoloxías abertas máis relevantes do panorama internacional". Segundo comenta Xavier Castaño, presidente de AGASOL, "a conferencia tamén é un punto de encontro de *networking* no que se fomentan o tecido empresarial, os investimentos e o emprego". Ademais, sinala, "será un evento no que teremos a oportunidade de xerar negocio con algunhas das principais compañías e entidades de Europa". ■

Software libre a mans cheas

Novas ferramentas, actividades formativas e xuntanzas centran o panorama *open source* destes comezos de outono

GALPon recunca cunha festa de mapas de OpenStreetMap

O vindeiro sábado 3 de outubro temos pola banda de Vigo unha actividade de interese para os nosos seareiros de software libre e, dentro deste ámbito, das ferramentas e recursos que posibilitan un rexistro exhaustivo das contornas xeográficas nas que vivimos e nos movemos. A actividade vén da man da man do colectivo GALPon e consiste na nova convocatoria da festa dos mapas, a Mapping Party de OpenStreetMap. A cita, que conta coa colaboración de Xeoinquedos, insírese nas novas andainas dun ciclo divulgativo da asociación do que xa temos falado arreo nesta web: os Sábados en Altamar.

Amais dunha introdución nas tecnoloxías libres de mapeo (o eixe será OpenStreetMap e contarase coa dirección formativa de Micho García e Francisco Sampayo), haberá actividades paralelas con traballo de campo e desenvolvemento técnico da teoría aprendida previamente (a vertente práctica virá da man de Rafael Avila Coya, membro do *Humanitarian OpenStreetMap Team, HOT*). ■

Moodle, traducida ao galego nun 86%

A Oficina de Software Libre do CIXUG vén de dar a coñecer que a tradución ao galego de Moodle superou finalmente a taxa do 85%. Como lembraremos, Moodle é unha aplicación web educativa e virtual, de distribución libre, que se dirixe a botar unha man ao profesorado na creación de comunidades de aprendizaxe en liña, entre outras funcionalidades importantes. A localización á nosa lingua da ferramenta que está a impulsar a devandita Oficina saldouse no mes de agosto co envío dun total de 14.753 cadeas (máis de 21.000 termos) á versión estábel de Moodle (versión 2.9.1). A traxa de tradución, en base a isto, pasou de ser do 77% a situarse nun 86%.

Segundo reflicte Mancomún, con este fito o galego pasa a integrar a listaxe das trinta linguas nas que a aplicación está traducida en máis dun 80%. Recordar que Moodle está a ser empregado polas tres universidades galegas para xestionar as súas aulas virtuais: o Campus virtual da Universidade de Santiago de Compostela, o Campus virtual da Universidade da Coruña e o Servizo de Teledocencia da Universidade de Vigo. ■

Curso de MeLISA sobre programación GNU/Linux

A Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago vén de abrir o prazo de inscrición dun curso sobre os sistemas operativos libres GNU/Linux. A actividade divulgativa e formativa virá da man de Rafael Rodríguez Gayoso, enxeñeiro informático voluntario da Asociación de usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MeLISA) e do Programa de Voluntariado Dixital da Xunta de Galicia, quen axudará a todas aquelas persoas interesadas en mellorar os seus coñecementos sobre as opcións tecnolóxicas de licenza aberta alternativas ás de tipo privativo.

As sesións desenvolveranse os días 5, 6, 7, 8, 13 e 14 de outubro en horario de 18.30 a 20.45 horas, e o 15 e o 19 de outubro en horario de 16.00 a 18.15 horas. En total, falamos de 18 horas de actividade formativa, a celebrar nas salas de traballo en grupo do terceiro andar da Biblioteca.

Os destinatarios do curso, que achega un máximo de dez prazas, son persoas con coñecementos amplos na configuración dun sistema operativo (xestión de usuarios, configuración de dispositivos, instalación de programas) e con coñecementos básicos de programación e de configuración de redes locais. ■

Xornadas sobre as vantaxes do *open source* para as nosas ONG

O software libre é un mundo de posibilidades para calquera sector ou ámbito social e económico, pero se cadra amosa unha potencialidade especial e particular para o denominado terceiro sector, que é aquela parte da nosa economía composta sobre todo por entidades sen arela de lucro. Amosar estas oportunidades do código aberto para o eido das iniciativas de responsabilidade social e de tipo solidario é o gran obxectivo dunhas xornadas previstas para o vindeiro 22 de outubro en Santiago, organizadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) en colaboración con entidades como o Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG/AETG). Por certo que esta xornada forma parte dun conxunto de actuacións de formación e difusión dirixidas ao ámbito das entidades non lucrativas que se van desenvolver nos meses de setembro e outubro.

O obxectivo principal é achegar ao terceiro sector experiencias de implantación e uso de solucións TIC libres "que lles permitan ás organizacións e entidades mellorar o xeito en que se xestionan, a súa operativa diaria e a súa organización". A idea, explican os organizadores, é que grazas ao coñecemento de experiencias doutras entidades semellantes no uso de solucións libres "poidan vencer medos, resistencias ou descoñecementos respecto da programación aberta". ■

Librebit, certificada por LibreOffice

The Document Foundation, responsábel do impulso e desenvolvemento de LibreOffice (suite ofimática aberta independente) certificou á firma galega Librebit como empresa especializada na realización de migracións profesionais ao devandito paquete libre de ferramentas ofimáticas. Esta acreditación, informa a empresa con sede en Vigo, confire a Librebit o acceso a recursos da fundación para executar proxectos de adaptación dende Microsoft Office a LibreOffice, con soporte dos desenvolvedores, equipo de mantemento de calidade (QA, Quality Assurance) ou formación.

Librebit engade que este "fito foi posíbel despois de ter pasado por un rigoroso proceso de certificación con detalle de proxectos anteriores xa desenvolvidos ou en curso e máis entrevistas persoais". ■

Presentado en Akademy 2015 un novo sistema operativo móbil

Akademy 2015, evento celebrado no verán na Facultade de Informática da Universidade da Coruña foi, como se prevía, fonte inesgotábel de novas ideas e proxectos, algúns deles xa prontos para seren empregados a fondo. Sen ir máis lonxe, o foro que organizou GPUL acolleu a presentación dun novo sistema operativo móbil, alternativa a Android e máis a iOS. Trátase dunha ferramenta desenvolvida pola comunidade KDE chamada Plasma Mobile e que, nas súas palabras, "será un novo competidor no mercado actual, dominado case na súa totalidade por Android e Apple".

Sebastian Kügler, desenvolvedor principal do proxecto, adiantou que ademais da facilidade de uso, unha das características fundamentais é a protección dos datos do usuario. Así, dixo, "o sistema respectará a nosa privacidade e non enviará información a compañías externas sen a nosa confirmación". Por outra banda, o desenvolvemento parte dunha idea de base, a aceptación da importancia de Android no mercado actual, polo que o grupo está arestora traballando nas compatibilidades coas aplicacións do sistema operativo de Google. Segundo se anunciou en Akademy, en datas vindeiras os usuarios poderán executar as aplicacións ás que xa estean afeitos no seu teléfono. Plasma Mobile é a día de hoxe un prototipo, pero no foro da Coruña foi posíbel ver e probar o seu funcionamento. ■

Tagen Ata achega un completo feixe de cursos de balde

A empresa galega Tagen Ata, centrada no ensino e nos recursos tecnolóxicos abertos, vén de presentar un máis que completo feixe de accións formativas baixo a óptica de coñecemento sen atrancos e con vistas a cubrir, formativamente, a tempada docente outono-inverno. En total, trátase de seis novos cursos en liña, algúns de balde e outros con prezos accesíbeis, dirixidos ao público en xeral e achegando flexibilidade de abondo como para adaptárense aos diferentes ritmos e horarios dos destinatarios.

Tagen Ata, cooperativa emprazada en Narón, sinala que o obxectivo destas actividades teñen o obxectivo de animar, con aprendizaxe actualizada, o sempre complexo proceso de volvermos ao traballo.

A continuación damos conta dos cursos preparados: *Escribir en Internet*, do 23 de setembro ao 21 de outubro (gratuíto), *Inglés-Galego actualízate*, do 23 de setembro ao 28 de outubro, *Prevención de riscos TIC*, do 21 de outubro ao 21 de novembro (gratuíto), *Docentes e-learning*, do 21 de outubro ao 19 de decembro; Introdución á LOPD, do 26 de novembro ao 21 de decembro (gratuíto); e *Imaxe e vídeo: edición en software libre*, do 26 de novembro ao 27 de xaneiro. ■

ADIANTÁNDONOS AO FUTURO

O remate do verán e o comezo do outono foi un fervedoiro de desenvolvementos innovadores das nosas empresas: damos uns exemplos

GALEJOBS, A PROL DA SITUACIÓN LABORAL DA NOSA TERRA

Este verán chegou á nosa Rede un novo servizo que en boa medida xa nos tardaba. Falamos de Galejobs, un portal galego posto en marcha para persoas residentes na nosa terra que se atopan arestora procurando un posto de traballo e ás que lles interesa acadalo o máis preto posíbel do seu fogar. O servizo, todo el achegado na nosa lingua, foi posto en marcha por un equipo de profesionais procedentes dos eidos financeiro, comercial e das relacións públicas, xurdiu coa arela de cubrir coa súa actividade toda a contorna xeográfica galega, non só a das grandes cidades.

Segundo informan os seus responsábeis, o proceso de busca de emprego e a alta do noso perfil profesional son de balde. Este mes de setembro, logo das boas expectativas de agosto (os case 8.000 seareiros de Facebook a día 7 de setembro), o portal abre fogo co sorteo #AxudaGalejobs, no que podemos gañar o curso en liña acubillado no portal que máis nos interese. O único que temos que facer é achegar un gústame na páxina de Galejobs en Facebook e logo crear o noso perfil profesional no servizo.

Volvendo a Galejobs e os motivos que xeraron a súa posta en marcha, sinalar que unha das finalidades da iniciativa é "mellorar a situación laboral da nosa terra, potenciándoa como unha comunidade produtora e xeradora de riqueza". Con este obxectivo, os impulsores do portal xa deron o coñecer o seu compromiso firme de potenciar o emprego e comercio galego, "na crenza firme de que unha rede de consumo entre as empresas de Galicia fomentará a mellora económica da nosa comunidade". ■

TRAVELCITY AXÚDANOS A PLANIFICAR VISITAS Á CORUÑA

O Concello da Coruña acolleu recentemente a presentación de TravelCity (travelcity.es), unha aplicación móbil desenvolvida pola galega Softwhisper (conducida por MarQuid Consulting) para a Asociación de Empresas de Hospedaxe da Coruña (HOSPECO), que busca dar a coñecer e promocionar os establecementos de hospedaxe da cidade a través da creación dun plan de visita da mesma, de xeito que non se limita a promocionar os hoteis que participan desta iniciativa, senón que tamén achega ofertas para diversas actividades que se poden levar a cabo na Coruña.

Durante o acto de presentación Rafael Benito, presidente de HOSPECO, salientou o compromiso conxunto do Clúster do Turismo de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Coruña para fomentar o desenvolvemento da cidade como destino turístico. O secretario de HOSPECO, Alfonso Lara, destacou pola súa banda que no lanzamento da aplicación contouse cunha grande implicación dos hostaleiros da Coruña, de xeito que esta ferramenta estréase con máis de 200 establecementos.

TravelCity pode descargarse de balde a través da App Store e de Google Play, e mediante unha enquisa para definir o tipo de viaxe que vai realizarse á cidade herculina (familia, parella, en grupo...), o estilo de hotel (romántico, familiar) e a clase de plan que se busca (urbano, cultural, de tranquilidade...) elabóranse suxestións sobre os establecementos máis interesantes para construír unha boa experiencia que supón un paso máis aló das guías de viaxe e as recomendacións de viaxeiros. Este proxecto elaborouse ao abeiro dun convenio entre o Clúster do Turismo de Galicia e a Axencia do Turismo de Galicia. ■

OCEAN´S ABRE TENDA EN LIÑA

Ocean´s, a operadora galega, comunicounos a apertura da súa tenda en liña, activa xa clicando oceans.es. A través deste recuncho de distribución *online*, sinalan fontes da empresa galega, os usuarios poderán contratar a golpe de clic e dende a mesma páxina web "os nosos produtos e servizos". E isto sen necesidade de pórse en contacto coa firma a través do número de atención ao cliente, o 1770, que, malia todo, seguirá operativo e coexistindo coa tenda.

Nun primeiro intre están habilitadas para a contratación en liña tanto as tarifas móbiles para particulares (Terra) como as orientadas a empresas (Xpyme). Logo, de xeito progresivo, iranse engadido os restantes produtos e servizos da operadora galega.

A través da tenda *online* poderán seleccionarse os distintos módulos adicionais dispoñíbeis segundo tarifa, tales como a tarxeta multiSIM ou a ampliación da tarifa de datos en 1GB. O punto de partida do establecemento dixital céntrase pois nos produtos de telefonía móbil, pero a empresa subliña que "en breve sumarase a totalidade do catálogo de produtos, convertendo esta opción nunha ferramenta completa e intuitiva para levar a cabo a contratación en liña de calquera servizo Ocean´s". ■

MEIGALABS LANZA *EL SEÑOR DE LAS CAJAS*

MeigaLabs, o estudo de videoxogos ourensán do que saíron xa produtos tan interesantes (e retranqueiros) como *Alcalde Corrupto*, xa ten nova achega para dispositivos en proceso de lanzamento, e de novo cun aquel de sorna. Trátase de *El Señor de las Cajas (The Lord of the Boxes)*. Segundo nos contan dende MeigaLabs, no xogo encarnamos "a un meigo que sempre está en problemas". O noso obxectivo é esnaquizar as caixas e outros obxectos para facer que o meigo en cuestión caia salvo e san no chan.

Trátase dun xogo tipo crebacabezas, polo que temos que empregar o maxín e tirar partido da nosa habilidade para conseguir salvar ao protagonista do xogo. MeigaLabs engade que cada nivel é distinto e que cada un deles propón un reto diferente. Arestora o número de niveis é de corenta, aínda que se prepara o lanzamento dunha actualización que eleva a cifra de niveis dispoñíbeis a sesenta. O xogo está accesíbel para Android na Play Store e tamén para iOS. Tamén hai un vídeo sobre *El Señor de las Cajas* en YouTube e máis en Twitter. ■

WUALAPP, O *MARKETPLACE* QUE IMPULSA A COMPRAVENDA DE *APPS*

A comunidade internauta xa ten á súa disposición un innovador e interesante recurso en liña destinado a dinamizar o mercado das aplicacións en tódolos elos da cadea: dende a xeración dunha idea até a descarga do usuario. O servizo Wualapp (wualapp.com), que achega vantaxes a todos os implicados (os que crean, os que desenvolven, os que invisten, os que mercan, os que usan), é un *marketplace* no que calquera programador, desenvolvedor, investidor, empresa ou particular pode vender ou mercar os dereitos e a propiedade intelectual de aplicacións para dispositivos móbiles, "dando solución a todos os interrogantes legais", sinalan os seus creadores. O *marketplace*, o primeiro das súas características no ámbito da fala hispana, vén da man dunha *startup* galega do mesmo nome, Wualapp.

Para o seu cometido, como dixemos, o servizo dispón dunha óptima cobertura legal que abrangue na súa integridade as actividades levadas a cabo no seu seo. De feito, informan os responsábeis do *marketplace*, este asesórase en todo intre por "unha das mellores firmas en dereito informático do panorama TIC actual, como é A&J Garrigues, que nos garante a máxima protección legal para os nosos clientes".

Wualapp, engaden, salienta por ofrecer un emprazamento innovador para o traballo e a comunicación dos desenvolvedores de aplicacións, co fin de que poidan vender os dereitos das súas creacións do mellor xeito posíbel. Asemade, achégase un espazo común para que os compradores adquiran os códigos fonte daqueles. A través desta ferramenta, explican os impulsores da *startup*, os novos propietarios faranse "coa posesión completa da aplicación, incluíndo os seus usuarios, ingresos xerados, dereitos de autor, propiedade intelectual, número de descargas, beneficios que estea a xerar, comentarios e valoracións dos clientes". ■

CONTACT COMUNICACIÓN DÁ FORMA Á WEB DE DAVEIGA

A empresa ourensá Contact Comunicación vén de desenvolver a presenza web da compañía responsábel (entre outras cousas) das Galletas Mariñeiras, a firma Daveiga (daveiga.es). A proposta creada por Contact canaliza a arela innovadora de Daveiga, que por unha man ten boa parte da súa actividade baseada no noso pasado (o seu produto estrela, as ditas galletas, recuperan para o mercado actual un tipo de pan que viña empregando a nosa xente do mar dende tempo inmemoriais, pola súa calidade e polas súas amplas posibilidades de conservación) e pola outra quere tirar partido das máis avanzadas ferramentas dixitais.

Segundo informa Contact, a liña principal do traballo desenvolvido para esta web "foi a de ofrecer unha experiencia de usuario moi sinxela, polo que navegar pola páxina é tan doado como descubrir que o resto da información que procuramos está accesíbel a só un clic de distancia". No que atinxe ao deseño, a empresa seguiu o mesmo vieiro: quixo reflectir o carácter dos produtos de Daveiga ("as cores cálidas lembran ao pan", sinalan dende Contact) para facer fincapé no senso ecolóxico e nutricional dos alimentos que achega a dita firma. A web, que se completa cun blog, é cen por cen accesíbel dende calquera dispositivo intelixente. ■

PRIMUX RENOVA IMAXE EN LIÑA

Primux, fabricante galego de dispositivos intelixentes, vén de anunciar unha importante e ambiciosa remodelación da súa imaxe corporativa: unha reformulación da súa feitura *online* aliñada cun proceso paralelo e complementario de mellora na súa política de atención ao cliente. A evolución de Primux na Rede preséntase baixo o lema *Be human. Live simple* e, segundo informa a empresa con sede na Tecnópole de Ourense, do que se trata é de achegar a estratexia de seu cara as máximas simplicidade e proximidade, dúas características que por outra banda xa lle eran propias.

Así nolo conta José Morán, director executivo e co-fundador de Primux, compañía que -por certo- está a piques de chegar ao seu décimo aniversario.

Segundo informa Morán máis en detalle, a inicial da marca, a letra p, é a inspiración para a creación do novo logo. As novas cores corporativas son o verde mint e o azul, que buscan transmitir "a imaxe fresca, limpa, actual e transparente da marca". Por certo que a nova web está desenvolvida co *deseño responsive* para ofrecer unha visión óptima desde calquera dispositivo. Inclúe seccións nas que dan a coñecer ao detalle cada un dos seus produtos e ao equipo detrás da compañía. A súa sección de soporte e atención ao cliente está deseñada para ofrecer unha experiencia próxima e eficaz. ■

WIREBRUSH4SPAM, FERRAMENTA *ANTI-SPAM*

Segundo apuntan diversos estudos, cada día son enviados arredor de 125.000 millóns de correos electrónicos no mundo e preto do 60% deles son correo lixo ou *spam*. Para eliminar este atranco nace a idea da tese de doutoramento de David Ruano, Wirebrush4SPAM, un xeito de desfacerse destas mensaxes non desexadas de publicidade, virus ou fraudes. Estamos perante un novo sistema aberto de filtrado capaz de clasificar os correos electrónicos con maior precisión e eficiencia. Cómpre subliñar que esta ferramenta está dispoñíbel para a súa descarga e uso de balde.

Volvendo á tese, con mención internacional e titulada *Model for optimising the execution of anti-spam filters*, dicir que foi presentada na Escola Superior de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense e realizada baixo a dirección do docente José Ramón Méndez Reboredo. Tanto a tese coma o sistema desenvolvéronse no marco dun proxecto de investigación levado a cabo desde 2010 polo Sing Group que tivo como obxectivo a creación dun sistema aberto de filtrado capaz de detectar spam en contidos web, proxecto no que participaron ademais do xa doutor e do seu director de tese os investigadores Noemí Pérez e Álvaro Pérez.

O principal obxectivo desta tese foi o desenvolvemento dun novo modelo de filtrado inspirado no funcionamento de SpamAssassin, unha das plataformas *antispam* máis senlleiras até o de agora. ■

▲ David Ruano, creador do Wirebrush4SPAM

O Xiaomi Redmi Note 2 sorprende incorporando o procesador do HTC One M9+

Os fabricantes chineses continúan a renovar os seus terminais económicos introducíndolle prestacións máis propia de terminais de alta gama, e así temos que a renovación do *tabletófono* de Xiaomi, o Redmi Note 2, sorprende incorporando no seu interior un procesador MediaTek Helio X10 de 8 núcleos a 2,2 GHz, ou sexa, o mesmo procesador que o HTC One M9+, o que é toda unha sorpresa xa que ese procesador corresponde a un ordenador insignia e non a un dispositivo de entrada.

O novo terminal de Xiaomi conta cunha pantalla Full HD de 5,5 polgadas, 2 GB de RAM, 16/32 GB de almacenamento interno (ampliable mediante tarxetas microSD), cámaras de 13 e 5 Mpíxeles, dobre SIM 4G, Wi-Fi AC, Bluetooth 4.0, batería de 3.020 mAh e sistema operativo Android 5.1 coa capa MIUI 7. Unhas prestacións bastante boas, pero que sorprenden polo reducido prezo ao que chegarán ao mercado, xa que o vindeiro domingo poranse á venda os novos Redmi Note 2 a 799 iuans (112 euros) na súa versión ordinaria de 16 GB e 899 iuans (126 euros) nun modelo con maior soporte de bandas 4G, e que máis adiante terá tamén versión con 32 GB de capacidade a un prezo de 999 iuans (140 euros). ■

Afterburner, o altofalante Bluetooth para os que queren levar a festa enriba

Para aqueles que queiran rememorar a experiencia de levar a festa consigo cargando cun enorme radiocasete poderán agora facerse co novo altofalante portátil Bluetooth Afterburner, que poñen á venda en exclusiva dende ThinkGeek, e que ofrecen unha saída de 20 watts con batería e 38 watts conectados a corrente, máis que suficiente para animar unha festa, podendo achegar a música do noso dispositivo móbil Bluetooth (podendo incluso emparellalo por NFC) ou incluso a través dunha toma mini-jack (3,5 milímetros) ou de entradas P-127J, pensadas para poder conectar un micrófono e unha guitarra (con cadanseu control de volume).

Estamos ante unha solución sonora bastante orixinal, que incluso conta cunha correa para poder cargar os seus 8 quilogramos no ombro, xa que falamos dun trebello que, aparte de pesado, tamén ocupa o seu (mide 62 x 25 x 25 centímetros). O seu prezo é de 199,99 dólares (183 euros). ■

LG presenta un teclado encartable para dispositivos móbiles

Continuando a debullar o catálogo de produtos que LG levará á feira IFA de Berlín, temos agora un accesorio para tabletas e smartphones que pode resultar moi atractivo para usuarios que precisen de desenvolver certos traballos de produtividade en mobilidade, xa que trátase do Rolly Keyboard (modelo KBB-700), un teclado portátil de catro fileiras que pode encartarse formando unha peza compacta que pode levase comodamente nun peto, nun bolso ou nun maletín.

O Rolly Keyboard diferénciase de moitos outros teclados móbiles por resultar bastante cómodo de usar ao contar con teclas de 17 milímetros, tamaño moi próximo aos 18 milímetros da meirande parte dos teclados de escritorio. Está feito de policarbonato resistente e plástico ABS, conseguindo un táctil duro, o que resulta moito máis agradable que as teclas de silicona flexible de moitos teclados semellantes.

O teclado pode emparellarse automaticamente mediante Bluetooth 3.0 con 2 dispositivos á vez, podendo alternar entre ambos con só premer unha tecla, e aliméntase cunha batería AAA que achégalle unha autonomía de até 3 meses para un uso medio.

En setembro comezará a venderse o teclado nos EE.UU., chegando a Europa durante o último trimestre do ano. ■

Sae á venda o droide BB-8 fabricado por Sphero

Antes do verán anunciouse que o droide BB-8 do filme que vai gobernar as salas cinematográficas no Nadal, *Star Wars: El Despertar de la Fuerza,* inspirou un xoguete controlable co smartphone, no que viña a ser unha adaptación dunha Sphero á que lle deron a aparencia do novo personaxe galáctico, e xa sabemos como é finalmente ese xoguete controlado a distancia, bastante máis caro que a esfera motorizada orixinal (actualmente á venda por 129,99 dólares).

O BB-8 baseado en Sphero está xa dispoñible na tenda oficial de Star Wars para España ao esaxerado prezo de 169,90 euros con gastos de envío incluídos, e este dispositivo de 29 x 18 centímetros contaría cunha base de carga por indución e pode controlarse dende dispositivos móbiles con iOS e Android (estando en desenvolvemento a aplicación para Windows Phone), sendo posible guiar o droide deslizando o dedo sobre a pantalla do móbil ou tableta, programar que o robotiño patrulle ao noso redor ou incluso proxectar mensaxes holográficos que poderemos ver grazas á realidade aumentada (as mensaxes poden gravarse en vídeo, para poder ter as nosas holografías virtuais personalizadas).

VÍDEO PROMOCIONAL

Este xoguete de luxo tamén recoñece e reacciona á voz do usuario e, en vista de que non está ao alcance de todos os petos, dende Disney tiveron a deferencia de comercializar un boneco de acción de BB-8 das mesmas dimensións fabricado por Hasbro, que funcionaría cun mando a distancia tradicional e incorporaría efectos de son (podendo activarse mediante un botón o por recoñecemento de voz) e que tería un prezo de 39,90 euros. ■

Wimbag, un produto galego para localizar equipaxes perdidas

Á hora de viaxar principalmente en avión unha das grandes preocupacións é a equipaxe, especialmente se levamos cousas de valor na mesma, e para tranquilizar aos pasaxeiros está a xestarse un proxecto por parte dos galegos Santiago Álvarez e Lucía Taboada, que no mes de decembro pretende financiarse a través da fórmula do micromecenado na plataforma Indiegogo. Esta iniciativa busca facer realidade como produto comercial Wimbag, un pequeno dispositivo localizador que pode introducirse na nosa maleta para facilitar a súa localización no caso de extravío. Deste xeito, no caso de perder a maleta, pódese recorrer a unha sinxela e áxil aplicación móbil para poder localizar a equipaxe, aínda que este sistema será un chisco máis sofisticado, incluíndo alerta de apertura non autorizada ou por afastamento mediante Bluetooth 4.0 (advertíndonos así de posibles roubos), desconectándose de xeito automático durante o voo, caracterizándose por un baixo consumo (avisando mediante unha notificación cando a súa batería baixe do 10%) e cunha característica especialmente interesante: integración cos sistemas de equipaxes perdidas das principais aeroliñas. Esta última prestación sería a que diferenciaría este produto de solucións semellantes como Trakdot Luggage (produto orientado principalmente ao mercado norteamericano).

Este trebello de 80 x 60 x 15 milímetros e 100 gramos de peso non emprega GPS, senón que establece a localización mediante as redes móbiles, o que é máis que suficiente para saber se a equipaxe foi parar ao aeroporto correspondente, recibíndose de xeito automático unha notificación (indicando a posición) despois de aterrar, sendo posible consultar a posición en tempo real a cada momento.

Aínda que faltan meses para que a campaña de microfinanciamento vexa a luz, este proxecto xa está a promocionarse a través de Facebook, Twitter e LinkedIn, e incluso están a preparar presenza en Instagram, procurando así facilitar o proceso de captación de fondos que levarán ao produto a converterse en realidade. ■



TRAILER DO XOGO

Xbox One

GEARS OF WAR: ULTIMATE EDITION

Chega ás tendas

A primeira entrega de *Gears of War* pode agora gozarse con gráficos a 1.080p e 60 cadros por segundo, con efectos de iluminación mellorados, personaxes máis detallados e escenas cinemáticas recreadas. Os modos multi-xogador tamén se enriqueceron, incluíndo Team Death Match, King of the Kill e 2v2, un modo especial de 2 contra 2 deseñado pola propia comunidade do xogo. O xogo tamén dá acceso prioritario á beta de *Gears of War 4*, xogo que chegará no inverno de 2016.

Pero para moitos o mellor desta edición definitiva de Gears of War non é só que facilite a recuperación dun título que marcou un antes e un despois nos shooters para consola, creando escola co seu sistema de coberturas, senón que tamén é moi destacable por ser o primeiro produto que vai tirar un proveito efectivo da retrocompatibilidade con Xbox 360 que vai estrear a Xbox One no outono, xa que ao mercar este novo xogo tamén se reciben en formato descargable a colección completa da saga para Xbox 360, de xeito que os 4 xogos orixinais poden gozarse sen a súa pertinente *remasterización*, pero contando cos elementos propios do xogo en Xbox One (como poder facer capturas de pantalla, gravar partidas e facer *streaming* dos xogos a un ordenador con Windows 10). Estes xogos só estarán dispoñibles sen custo adicional até o 31 de decembro.

Adicionalmente tamén é posible mercar este xogo en lote cunha Xbox One, que actualmente ofrécese ao prezo reducido de 369,99 euros (o que supón un aforo de 30 euros fronte a seu prezo habitual). ■

PC | Xbox One | Xbox 360 | PS4 | PS3

THE PHANTOM PAIN

A saga Metal Gear Solid remata

Cando no ano 1987 chegou a ordenadores MSX2 o xogo *Metal Gear* resultaba difícil prever que estaríamos ante un título que desembocaría nunha importante franquía, da que o seu principal expoñente é a saga *Metal Gear Solid* nacida en PlayStation en 1998 e que hoxe podería chegar á súa conclusión, xa que sae á venda a que parece que será o último xogo da franquía desenvolvido coa participación do seu deseñador, Hideo Kojima. Se ben poderán seguir saíndo máis xogos da franquía, ao parecer Konami está a abandonar o desenvolvemento de grandes xogos para consola, centrando a súa actividade en títulos para dispositivos móbiles, que precisan dun investimento moi inferior, conseguindo un bo retorno do investimento cun risco moi inferior.

Metal Gear Solid V: The Phantom Pain sitúa a acción 9 anos despois de *Metal Gear Solid V: Ground Zeroes*, con Snake Big Boss espertando dun coma en 1984, en plena Guerra Fría, cunha crise mundial na que non faltan armas nucleares. Nese contorno Snake funda un novo exército privado e volve á loita para enfrontase ao grupo clandestino XOF.

Este xogo supón un importante cambio para a franquía, xa que supón a súa estrea no xénero do mundo aberto, aínda que sen deixar completamente de lado a súa habitual narración cinemática. Grazas ao uso de Fox Engine os gráficos son realmente magníficos, especialmente nas consolas de nova xeración.

Metal Gear Solid V: The Phantom Pain xa está dispoñible para a súa compra por 59,90 euros nas súas versións para PC, Xbox 360 e PlayStation 3; mentres que para Xbox One e PlayStation 4 o seu prezo é de 69,99 euros. Nas tenda tamén están dispoñibles un par de lotes de consolas PlayStation 4 co novo xogo. ■

TRAILER DE LANZAMENTO



Xbos One | PS4

MASACRE

O xogo chegará a PS4 e Xbox One

Hai pouco máis de 2 anos o personaxe de cómic Masacre estreou videoxogo para Xbox 360, PS3 e PC, que curiosamente chegou a desaparecer das tendas de descargas dixitais para reaparecer hai pouco, previsiblemente para aproveitar o pulo da película do personaxe que chegará aos cines en febreiro de 2016, pero como as consolas para as que saíra o xogo son as da anterior xeración, dende Activision consideraron atinado retomalo e anunciar que o 20 de novembro teremos o xogo de Masacre adaptado a PlayStation 4 e Xbox One, podendo mercarse tanto en formato físico como en descarga.

Cómpre advertir que estamos ante un xogo non recomendado para menores de 18 anos, xa que conseguiu trasladar bastante ben o carácter do personaxe orixinal, polo que o humor e a violencia estarán completamente desatados. Pistolas, katanas, explosións... son elementos que no xogo podemos ver en numerosas ocasións, e para os afeccionados aos cómics da Marvel non faltará algunha aparición estelar, de xeito que incluso poderemos ver a *Lobezno* presente.

Como é habitual nas *remasterizacións*, o xogo incluirá todo o contido descargable que foi aparecendo para a entrega orixinal deste shooter en terceira persoa que chega sen grandes pretensións, tendo como principal obxectivo divertir aos seareiros do mercenario leriante da banda deseñada. ■

PS4 | Xbox One | PC

STAR WARS BATTLEFRONT

Terá beta en outubro

O xogo *Star Wars Battlefront* está a ser agardado con moita expectación, e finalmente non haberá que agardar ao seu lanzamento oficial para catalo lixeiramente, xa que anuncian que a primeiros de outubro van iniciar unha proba técnica do xogo para PS4, Xbox One e PC (Origin) que permitirá probar o modo multi-xogador de até 40 usuarios no asalto de Hoth, onde o usuario pode chegar a adoptar o rol de Darth Vader e de Luke Skywolker. A beta do xogo tamén incluirá unha misión de supervivencia en Tatooine, onde o xogador, xutno cun amigo rebelde, deberá enfrontarse ás forzas imperiais.

Como parte da beta de *Star Wars Battlefront* tamén presentarán a experiencia *Star Wars Battlefront Companion*, dispoñible na páxina oficial durante a beta, e que ofrecerá o xogo de cartas de estratexia *Base Command* que permitirá gañar créditos no xogo que desbloquearán *Star Cards*, armas e moito máis dentro de *Star Wars Battlefront*. Esta plataforma en liña tamén permitirá que os xogadores poidan comprobar as súas estatísticas de xogo e progresos, personalicen os seus aspectos, conecten cos amigos e obteñan notificacións cando xoguen a *Star Wars Battlefront*. Antes do lanzamento do xogo *Star Wars Battlefront* Companion estará dispoñible para a súa descarga na App Store e en Google Play, para que os xogadores poidan empregar este complemento dende os seus dispositivos móbiles. ■

Grazas.
Á terra polos seus mimos,
á nosa xente polo seu traballo
e a vós polo recoñecemento.
MENCÍA
VÍA ROMANA
RIBEIRA SACRA
galicia calidade
VÍA ROMANA
ADEGAS E VIÑEDOS
A Ermida-Belesar s/n / 27500 Chantada – Lugo
Tel. +34 982 454 005 / +34 982 462 069
viaromana.es
VÍA ROMANA RECOMENDA O CONSUMO RESPONSÁBEL.

Si tienes más de 50 años disfruta de una estancia de 6 días en un balneario de Ourense. RENFE te lleva a la Provincia Termal desde más de 40 estaciones. Reserva ya tu plaza del Programa de Termalismo Saludable de la Diputación de Ourense.

www.trenbalnearios.com

renfe

@dministración electrónica

DEPUTACIÓN OURENSE